A TVG 2 foi tamén a canle escollida para a emisión dos actos de inicio de campaña, que ocuparon apenas 10 minutos da medianoite do 31 de outubro.

Con motivo da pésima cobertura desta campaña electoral, o Comité de empresa da CRTVG emitiu un comunicado no que manifesta a súa preocupación pola “decisión da dirección da Corporación de emitir o debate electoral entre os candidatos e candidatas dos partidos galegos ás eleccións xerais do 10N en





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

horario matinal”. Por esta razón, “urxe á dirección a cambiar o seu criterio e ofrecelo en horario de máxima audiencia”, xa que considera que “a sociedade galega ten dereito a informarse directamente das propostas que realicen os partidos máis significativos a través dos medios de comunicación de titularidade pública”.

A representación dos traballadores e traballadoras atribúe a programación do debate á vontade “de agochar a confrontación de ideas políticas nun horario inaxeitado para a maioría dos galegos e das galegas”.

O Comité pecha o comunicado lamentando que a dirección decidira reemitir o debate na segunda canle da televisión pública –canle que nin sequera está dispoñible en tódalas plataformas televisivas–, limitando, desá maneira, o seu alcance.

Non é a primeira vez que acontece algo semellante. O 16 de abril xa se celebrara o debate electoral dos comicios xerais no programa *Bos días*. Daquela, o señor Sánchez Izquierdo argumentara que a programación do debate pola mañá pretendía “que os galegos e galegas foran os primeiros en coñecer a opinión dos seus representantes”.

As torpes escusas do señor Sánchez Izquierdo carecen de sentido, dado que a meirande parte da cidadanía non pode sentarse fronte ao televisor ou prestar atención á radio ás 10 da mañá. Cómpre, polo tanto, que a CRTVG se comprometa a emitir os vindeiros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á dirección da CRTVG para demandarlle o compromiso de emitir os vindeiros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 21/11/2019 17:31:11**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 17:31:20**

**José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2019 17:31:29**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos.

A provincia de Ourense é das que máis está a notar a escaseza de recursos no Servizo Galego de Saúde a causa dos recortes e o deterioro progresivo da sanidade pública en Galicia.

Hospitais comarcais como Verín ou O Barco están sufrindo a eliminación de moitas especialidades, pero incluso o propio hospital de Ourense nota tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais de traballadoras e traballadores a falta de recursos tanto a nivel de persoal como material.

Unha das especialidades que demanda unha actuación urxente é a de medicina interna onde profesionais están a denunciar a diminución de persoal e medios. Coa excusa do verán, levouse a cabo o peche de cinco camas e paralelamente a redución de persoal, unha situación que segue sen modificarse xa que segundo a propia Xerencia do centro, sobra persoal para esta especialidade.

Ademais da escaseza de medios, están tendo lugar unha absoluta precariedade na contratación, marcada pola alta rotación e temporalidade, cuestión que xa está a ser unha liña xeral de actuación en canto a política de persoal no Sergas.

O persoal do hospital demanda unha actuación urxente por parte da Xerencia, na dotación de máis recursos tanto a nivel material como de persoal, que permitan ter plans estables de continxencia e alertan, dun posible sobreaforo coa tempada



da gripe.

A planta de medicina interna atende principalmente a pacientes de avanzada idade, pluripatolóxicos, polimedicados e moitos deles dependentes, nunhas condicións moi inferiores as ratios recomendadas, xa que nas quendas de tarde e noite contan con 3 profesionais de enfermería e 3 auxiliares para 41 pacientes na tarde e 2 de enfermería e 2 auxiliares para os 41 pacientes na noite, cando as ratios recomendadas son de 6 a 8 por equipo de enfermería e auxiliares.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a escoitar as demandas da Xunta de Persoal do CHUO e dotar a unidade de medicina interna dos medios humanos e materiais necesarios, cumprindo as ratios estipuladas, de xeito que se poida prestar unha asistencia sanitaria de calidade así como levar a cabo plans de continxencia estables.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 17:53:50  
Nº Rexistro: 59260  
Data envío: 21/11/2019 17:53:50.727

**Eva Solla Fernández na data 21/11/2019 17:49:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2019 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza desenvolveu unha inspección nos xulgados de Viveiro onde constatou, de maneira oficial, que están a asumir unha carga de traballo do 215% da súa capacidade sobre os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Esta situación foi denunciada polas traballadoras e traballadores, entre outros espazos, na Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero toda vez que o Xulgado de primeira instancia e instrución número 2, ostenta as competencias en materia de violencia machista.

Este xulgado leva agardando desde febreiro de 2018 pola incorporación dunha nova persoa de reforzo após a creación dunha praza do corpo de tramitación procesual, tal e como foi anunciado pola Xunta de Galiza.

Porén, a sobrecarga de traballo afecta por igual a ambos os dous xulgados o que urxe non só a ocupación inmediata da praza anunciada para o número 2, senón un maior





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reforzo en ambas as dúas dependencias xudiciais e, mesmo, a creación dun terceiro xulgado que atenda as necesidades da comarca da Mariña.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reforzar os xulgados de Viveiro con máis persoal así como a trasladar á Comisión Mixta a situación na que se atopan para valorar a posibilidade de solicitar un novo xulgado para A Mariña.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:02:20**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:02:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:03:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:03:27**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:03:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:03:48**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a situación de colapso no servizo de urxencias do HUAC.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión de Centro de Atención Especializada da EOXI da Coruña, ven de denunciar que aínda non empezou o “pico da gripe” e xa se está producindo o colapso do servizo de urxencias do HUAC.

Denuncian que non é un caso illado, senón un feito habitual, derivado da falta de previsión por parte da Xerencia.

Manifestan que é normal dentro desa “normalidade” dispor aos doentes en corredores dentro do servizo, o que é intolerábel dende o punto de vista do dereito á intimidade e á dignidade dos doentes.

De igual xeito consideran deplorábeis as condicións nas que traballan os/as profesionais , que non permite dar unha atención axeitada.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Presentar no Parlamento de Galiza, á maior brevidade un informe coas medidas de planificación e reforzos postos en marcha polo Sergas para atender o aumento d@s doentes aos servizos de urxencias.

Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais, tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.

Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:24:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:24:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:24:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:24:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:24:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:24:59**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o golpe de Estado e a brutal represión contra o pobo de Bolivia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo das eleccións presidenciais que tiveron lugar o pasado 20 de outubro de 2019 no Estado Plurinacional de Bolivia, na que unha ampla maioría apoiou a candidatura de Evo Morales á presidencia, sectores radicalizados da dereita económica e político, co apoio de forzas paramilitares e policiais, rexeitaron o resultado das urnas e desataron unha violenta campaña de ataques a medios de comunicación públicos, asalto e queima de vivendas de cargos públicos e líderes sociais, ataques e vexacións públicas machistas contra mulleres, e persecución revanchista e racista contra as comunidades aimaras, quechuas, chiquitanas e guaraníes que apoian os movementos sociais, sindicais e políticos partidarios de presidente Evo Morales e do Movemento ao Socialismo (MAS).

Fronte á chantaxe e a violencia dos grupos opositores, a actitude do goberno constitucional foi en todo momento a da chamada á calma e ao diálogo. Con esta finalidade, o presidente Evo Morales aceptou unha auditoría da OEA sobre as eleccións do 20 de outubro e a convocatoria dunhas novas eleccións presidenciais. Malia estes





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

intentos de reconducir a situación pola vía pacífica, os sectores golpistas acentuaron os ataques violentos coa toma dos medios de comunicación públicos e o secuestro e ameaza de morte de dirixentes gubernamentais e das súas familias.

Finalmente, o pasado 10 de novembro a policía e o exército sumáronse ao golpe e forzaron a renuncia do presidente Evo Morales e do seu goberno, nun clima de extorsión, secuestros, linchamento público e grave ameaza para as súas vidas, as das súas familias e as de miles de persoas que apoiaban o goberno constitucional e democrático.

A seguir produciuse a proclamación fraudulenta da dirixente opositora Jeanine Añez como presidenta de facto do país, e desatouse unha violenta onda represiva, de tintes ultrarreaccionarios, ultracatólicos e racistas, contra os pobos orixinais e contra os dirixentes e simpatizantes do MAS, cun uso desproporcionado da forza militar, paramilitar e policial que xa provocou centos de feridos e 24 mortes violentas desde o 20 de outubro.

Un dos episodios máis brutais da represión produciuse o pasado 15 de novembro no departamento de Cochabamba, co ataque militar e policial contra unha marcha antigolpista na que nove persoas resultaron mortas como consecuencia de disparos na cabeza e no tórax e 120 feridas. Asemade, hai centos de persoas detidas e desaparecidas.

Tanto a Defensoría do Pobo de Bolivia como a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (CIDH) denunciaron a brutal represión militar e policial, a actuación violenta de grupos paramilitares e a grave vulneración dos dereitos humanos e das liberdades.

O último feito desta escalada violenta e represiva foi a aprobación, o pasado 16 de novembro do Decreto 4078 que outorga inmunity e exime de responsabilidade





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

penal aos militares que participen “nos operativos para o restablecemento da orde e da estabilidade pública”.

O golpe de Estado en Bolivia hai que enmarcalo nunha campaña de desestabilización promovida e patrocinada polos Estados Unidos en connivencia cos seus aliados locais para derrocar gobernos lexítimos en América Latina, co obxecto de substituílos de maneira antidemocrática por gobernos títere ao servizo dos intereses norteamericanos.

O obxectivo final do golpe de Estado en Bolivia é mudar de maneira violenta a correlación de forzas no país a favor da oligarquía económica, impoñer un rexime integrista, racista e ultraliberal, desmantelar os avances sociais, económicos e políticos acadados nos últimos 14 anos en Bolivia (redución da pobreza a mínimos históricos, aumento do 127% do salario mínimo, socialización das rendas derivadas da explotación dos recursos naturais, reparto de terras, etc.), debilitar as organizacións interestatais como a ALBA e a CELAC que pulan polo exercicio da soberanía nacional e polo desenvolvemento autocentrado e libre de tutelas, e poñer as grandes reservas enerxéticas e mineiras do país, especialmente as reservas de litio, ao servizo de grandes corporacións internacionais.

Diante desta grave violación da democracia e da soberanía nacional, resulta chamativa a morneza e o silencio cómplice da Unión Europea e do Estado español, actitude que contrasta coa belixerancia e o intervencionismo con que actuaron noutras crises como a de Venezuela.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento galego acorda como resolución:

1. Condenar o golpe de Estado contra o goberno lexítimo de Bolivia presidido por Evo Morales, perpetrado pola dereita económica e política co apoio dos Estados Unidos.
2. Condenar a brutal represión desatada polo goberno golpista e polas forzas militares, paramilitares e policiais contra o pobo boliviano, unha represión que ten fortes tintes clasistas e racistas e que xa provocou a morte de dúcias de persoas.
3. Demandar do goberno español e da UE que tomen unha posición activa de condena do golpe militar e que non recoñezan o ilexítimo goberno presidido por Jeanine Añez.
4. Apoiar as apelacións a unha solución pacífica e democrática para Bolivia, garantindo a soberanía do país e o respecto aos dereitos humanos.
5. Facer un chamamento á sociedade galega para que manifeste a condena do golpe militar e repulsa pola grave violación dos dereitos humanos que se está a producir en Bolivia.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2019 12:47:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2019 12:47:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2019 12:47:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2019 12:47:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2019 12:48:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 12:48:14**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre acto de recoñecemento e homenaxe a galegos e galegas represaliados polo franquismo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de febreiro de 2018 o Parlamento galego rendeu homenaxe aos galegos vítimas do nazismo. Desde o BNG compartimos a necesidade de organizar este tipo de actos, mais observamos con preocupación a facilidade con que se condena ao nazismo e se homenaxea ás súas vítimas mentres que non se utiliza o mesmo criterio coas vítimas do fascismo español.

A realidade é que en toda a historia do parlamento galego nunca se organizou un acto público de recoñecemento e honra aos galegos e galegas que foron perseguidos, asasinados, aldraxados, encarcerados, depurados, excluídos, torturados e asasinados por razóns políticas durante a Ditadura franquista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda como resolución:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Organizar un acto público de recoñecemento e homenaxe a todas as vítimas galegas do fascismo franquista, considerando todas as formas de represión e atendendo expresamente á violencia sufrida polas mulleres.

2. Convidar a participar e a intervir neste acto a representantes das asociacións de memoria histórica e das familias das vítimas.

3. Facer entrega ás vítimas, ou como alternativa ás súas familias que o soliciten, dunha declaración do parlamento na que se exprese a condena da ditadura franquista e dos seus crimes, así como o recoñecemento e homenaxe ás vítimas do fascismo entre 1936 e 1977.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:10:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:10:17**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:10:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:10:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:10:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:10:44**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

### Exposición de Motivos:

A estrada N-120, no tramo Monforte–Ourense, vén sufrindo desprendementos dende hai anos, provocando accidentes de diversa consideración e riscos para o conxunto dos usuarios.

No ano 2011, a estrada chegou a sufrir ata catro desprendementos en nove meses, e en anos posteriores sucedéronse os mesmos, dando lugar a que se instalaran mallas metálicas de protección dos taludes, naqueles puntos que entrañaban maior risco de derrube.

Tamén se teñen construído muros de contención ou valos metálicos de separación da calzada respecto dos taludes, ademais de sinalar o risco de desprendemento.

O pasado ano producíronse varios derrubos, entre outros, un gran derrube dun noiro que deixou un ferido e danos en dous vehículos. Ao día seguinte, un novo desprendemento obrigou a cortar un carril e regular o paso alternativo cun semáforo.

O pasado venres produciuse un novo derrubamento de pedras de gran tamaño, que obrigaron a desviar o tráfico pola antiga N-120a) durante case oito quilómetros, no caso dos turismos, e por Chantada, no caso dos vehículos pesados.

O peor de todo é o enorme risco que estes desprendementos representan para os usuarios desta vía.

A realidade é que as ladeiras laterais que delimitan esta vía presentan unha forte pendente, con rocas que sobresaen e que, por efecto dos axentes meteorolóxicos, chegan a desprenderse, sendo insuficientes as mallas metálicas para contelas, cando o seu peso e tamaño é considerable. É evidente que os traballos de afianzamento levados a cabo tras os sucesivos derrubamentos sufridos nesta estrada, non teñen servido para consolidar unha ladeira que representa un enorme risco de desplome para os usuarios da N-120 entre Os Peares e Ourense.



É sabido que se ten encargado a redacción dun proxecto para a dotación de carrís adicionais nese mesmo tramo, de modo que se mellore a súa seguridade viaria e funcionalidade. Esta actuación podería ademais dar definitiva resposta ao grave risco que representa esta ladeira, para o que debe de incluír medidas de consolidación dos noiros da estrada.

A presente iniciativa ten por obxecto, instar ao Ministerio de Fomento, como titular da vía, para que adopte medidas definitivas que permitan garantir a seguridade viaria desta estrada no tramo entre Monforte e Ourense.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento a fin de que proceda a adoptar as medidas que de modo definitivo permitan garantir a seguridade viaria da estrada N-120, no tramo entre Monforte e Ourense, entre outras, a dotación de carrís adicionais que eliminen os riscos existentes na actualidade e a consolidación definitiva dos noiros das marxes da estrada”.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/11/2019 12:30:59**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/11/2019 12:31:15**

**Martín Fernández Prado na data 15/11/2019 12:33:15**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/11/2019 12:33:40**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/11/2019 12:34:12**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/11/2019 12:34:22**

**Gonzalo Trenor López na data 15/11/2019 12:34:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2019 12:36:57  
**Nº Rexistro: 5882**  
Data envío: 15/11/2019 12:36:57.352

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/11/2019 12:35:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGPTg8EFTfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A finais do mes de outubro o pobo de Cuntis mobilizouse, non por primeira vez, en demanda dunha mellor atención sanitaria primaria no seu concello. As queixas habituais céntranse na necesidade de que a Xunta afronte a integridade do mantemento do centro de saúde e, fundamentalmente, no cobertura do persoal de maneira axeitada.

En Cuntis prodúcese, de maneira clara, un dos problemas que a atención primaria está evidenciando en toda Galicia froito dunha situación complexa dos sistemas sanitario, e agravado pola ineficiente xestión da Xunta de Galicia. Non existe unha planificación do sistema que permita organizar os recursos humanos, a pesares das reivindicacións dos profesionais e incluso as sentencias xudiciais que condenan ao Sergas pola “contratación fraudulenta” e a “saturación” a que somete aos profesionais.

No caso de Cuntis cúmprese este tipo de situacións, ao sufrir habitualmente unha alta espera nas citas solicitadas de atención primaria, con demoras de ata 10 días nalgúns casos. Estas esperas danse pola non cobertura de baixas ou ausencias dos profesionais, que provocan acumulación de pacientes sobre os profesionais que en cada momento están activos no centro, e tamén repercute nunha saturación do centro de saúde de Caldas.

Ante a elevada mobilización e reivindicación cidadá, representantes do Concello de Cuntis mantiveron unha xuntanza coa dirección da EOXI, que coñeceu de primeira man a realidade do concello. Con posterioridade o Sergas promoveu a discusión pública dos argumentos presentados polos representantes municipais de Cuntis, sen ofrecer ningunha solución ao problema e negando a situación.

Nestas mesmas datas o Sergas anunciou a dotación para o veciño concello de Valga, gobernado polo Partido Popular, dun profesional a maiores para cubrir as necesidades presentadas en atención primaria nese concello.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para mellorar o estado do centro de saúde de Cuntis e dotalo dos medios materiais e, sobre todo, humanos para garantir a mellor calidade asistencial de atención primaria para a poboación que é atendida no citado centro.

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 15/11/2019 13:33:03**

**Noela Blanco Rodríguez na data 15/11/2019 13:33:13**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2019 13:33:22**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

### Exposicións de Motivos:

A contaminación mariña é un dos maiores retos ambientais para Galicia. Unha situación á que hai que poñer freo porque pon en risco o noso patrimonio natural.

O plástico é o residuo máis abundante e prexudicial para o medio mariño pola súa persistencia. Chega ao mar e se expande facilmente, ocasionando que os ecosistemas mariños sexan os máis afectados.

O 80% dos residuos plásticos proveñen da terra, mentres que o 20% restante teñen a súa orixe na actividade mariña. Tras unha análise dos seus efectos no mar, demostrouse que o 60 % das especies mariñas presenta algún resto de material plástico no seu intestino.

Ademais, os plásticos no medio ambiente mariño degrádanse máis lentos que no medio terrestre.

Aínda que os plásticos son considerados como bioquimicamente inertes, a maioría dos plásticos non son puros senón que levan engadido uns compostos chamados aditivos, que se usan para mellorar o rendemento do plástico, abrandar os mais rixidos, impedir a inflamación, etc.

Estes aditivos son capaces de liberarse dos plásticos, polo que os plásticos poden transferir ditas substancias ao medioambiente ou aos organismos que os inxiren.

Somos coñecedores, e así o remarcou a directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño nunha sesión da Comisión 8ª, do pasado mes de xullo, que este centro leva traballando desde hai máis de 20 anos sobre esta problemática, realizando controis de metais pesados e os compostos orgánicos persistentes (compostos organoclorados), e dende o ano 2003 os hidrocarburos aromáticos policíclicos.



Este grupo parlamentario quere poñer en valor o papel do Intecmar por traballar, estudar e investigar para protexer, rexenerar e mellorar a xestión do medio e dos recursos mariños. Así como tamén por desenvolver proxectos como CleanAtlantic, no eido da loita contra a contaminación mariña accidental e fomentar actuacións de concienciación ambiental de todos os axentes que forman parte do sector: formación, guías e novas tecnoloxías.

Referímonos a accións de sensibilización, dirixidas a mozos e adultos, a través das que inculcar entre a poboación a importancia do reciclado e a súa labor na protección do medio mariño, e de boas prácticas que nos permitan coidar e conservar un mar que é de todos.

En definitiva, debemos resaltar o mar como medio de vida para o sector pesqueiro e debemos facer o posible para que siga sendo fonte de riqueza.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta esta proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Desenvolver un seguimento específico dedicado á detección da presenza, influencia biolóxica e impacto sobre especies pesqueiras, marisqueiras e acuícolas dos plásticos e microplásticos, levando a cabo accións de minoración da súa presenza no medio mariño e campañas de concienciación destinadas á prevención do seu vertido, especialmente entre os máis novos.
- Continuar coa liña de saneamento integral das rías e espazos costeiros, de forma que se amplíe a mellora da calidade das augas nestas áreas”.

Santiago de Compostela, 15 novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/11/2019 16:45:59**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/11/2019 16:46:19**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 15/11/2019 16:46:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Alberto Pazos Couñago na data 15/11/2019 16:47:02**

**Martín Fernández Prado na data 15/11/2019 16:47:17**

**Marta Rodriguez Arias na data 15/11/2019 16:47:41**

**María Soraya Salorio Porral na data 15/11/2019 16:48:06**

**Daniel Vega Pérez na data 15/11/2019 16:48:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGPTg8EFTfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

### Exposición de motivos:

As persoas son o máis importante valor da nosa pesca. Así, os profesionais da pesca, do marisqueo e da acuicultura acumulan un saber facer de primeira orde, recoñecido en todo o mundo.

O especial recoñecemento da súa profesionalidade e dedicación debe ser unha constante, máxime cando desenvolven a súa tarefa nun medio hostil e a miúdo afastados das súas casas moitos meses.

Sabemos do compromiso da Consellería do Mar cos nosos profesionais do mar e así o deixou claro a titular deste Departamento na súa comparecencia sobre os orzamentos para o ano 2020, na que manifestou a súa clara orientación cara as persoas e o seu benestar, tendo como prioridade o eido social.

Ao mesmo tempo, somos coñecedores de que este Goberno considera que a formación é a pedra angular de calquera posibilidade de relevo xeracional. Por iso, tal e como dixo a conselleira do Mar nesta cámara, o programa orzamentario en formación medra nun 4,2% para 2020.

Unha aposta clara, que xunto coas axudas para mellora da habitabilidade a bordo dos buques pesqueiros, así como os Grupos de Acción Local do sector pesqueiro, que a través das súas estratexias de desenvolvemento local participativo fixan como obxectivos cuestións tan importantes coma diversificación das zonas pesqueiras, o empoderamento do sector pesqueiro, a mellora da calidade de vida das zonas costeiras, o benestar social, entre outros.

De importancia tamén é ter información socioeconómica do sector de cara a achegala aos marcos decisorios europeos e estatal, e neste eido sabemos



que o Goberno galego segue apostando pola elaboración periódica das táboas Input-Output da pesca galega e das enquisas Ocupesca, ferramentas sumamente válidas para poder armarnos de argumentos na defensa do noso sector pesqueiro.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Priorizar os aspectos sociais do eido marítimo-pesqueiro, con atención senlleira á consecución dunha remuda xeracional na pesca.
- Demandar da Unión Europea o apoio económico para aquelas melloras a bordo que teñan que ver con avances en habitabilidade, seguridade e conectividade, así como se apostará pola formación dándolle de novo pulo á FP dual.
- Renovar e adecuar o apoio social no caso de accidentes mediante a prestación de axudas específicas e procurar a disposición de medidas conducentes a evitar as perdas de ingresos por posibles disfuncións no sistemas de control de biotoxinas”.

Santiago de Compostela, 15 de novembro 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/11/2019 16:59:07**

**Teresa Egerique Mosquera na data 15/11/2019 16:59:27**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 15/11/2019 16:59:40**

**Alberto Pazos Couñago na data 15/11/2019 16:59:54**

**Martín Fernández Prado na data 15/11/2019 17:00:15**

**María Soraya Salorio Porral na data 15/11/2019 17:00:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/11/2019 17:03:07  
**Nº Rexistro: 58896**  
Data envío: 15/11/2019 17:03:07.827

**Daniel Vega Pérez na data 15/11/2019 17:00:44**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGPTg8Eftfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

As mancomunidades de municipios, sendo organizacións de asociación voluntaria dos concellos, constitúen unha ferramenta de traballo para accións de carácter local ou comarcal, coordinando as actuacións en sectores estratéxicos ou na dotación de servizos, especialmente dos concellos máis pequenos e con menos recursos.

A Mancomunidad do Salnés é un deses casos, nos que a asociación de concellos permite algúns avances como a obtención de recursos para dar servizos aos concellos máis pequenos da comarca, ou como as posibilidades de promoción turística para unha comarca moi dependente deste sector económico.

A Mancomunidad do Salnés leva en funcións xa dende 2015, pois non se formulou a renovación da Dirección dende entón. Esta potestade, propia do presidente, foi alterada para manterse no cargo e non ter que renovarse. En 2019, a nova configuración do Pleno evidencia unha nova maioría que manifestou a vontade de renovar a Presidencia, actualmente representada polo alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán. Non en tanto, para evitar someterse ao resultado dos plenos municipais, o presidente en funcións Durán apoiouse nunha denuncia presentada por un veciño de Meaño, un dos concellos asociados, sobre o Pleno local, para non convocar o Pleno da mancomunidad. Este ilóxico proceder apunta a unha obsesión por manterse nun cargo que non lle corresponde, e vulnera as decisións tomadas polos cidadáns nas eleccións municipais e as decisións tomadas polos representantes municipais.

Esta irresponsable actitude provoca que 6 meses despois de terse celebrado as eleccións municipais, non está aínda conformado o Pleno nin renovada a Dirección dun órgano que debera estar funcionando, e que agora está no aire no seu funcionamento. Esta caprichosa actuación parece apoiada por todo o Partido Popular da comarca, que entrega a súa voz ao señor Durán, que manifestos



exemplos de irresponsabilidade está ofrecendo constantemente en diversos campos.

Existen resolucións xudiciais, do contencioso administrativo de Pontevedra, sobre a denuncia que Durán usou de parapeto para non convocar o Pleno da Mancomunidade, e rexeitan esta necesidade instando a convocar este órgano. Tamén así o fai o informe da Secretaría da Mancomunidade, que en todo caso Durán ocultou e non quixo facilitar ao resto dos membros do Pleno. O obscurantismo parece reforzar a idea dunha falta de criterio e sentido democrático das institucións.

Os propios estatutos da Mancomunidade do Salnés apelan a que, para o non resolto a través dese propio documento e ás situacións non contempladas nel, observaranse as normativas de orde superior, entre as que están as normativas autonómicas. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como órgano superior nas competencias sobre as administracións públicas de Galicia, non ten realizado acción algunha dirixida a esixir ou instar á convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés, nin notificou decisións sobre a situación que pretendan facilitar o proceder democrático e natural da institución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que tome as medidas necesarias para activar o procedemento de convocatoria do Pleno da Mancomunidade do Salnés, e contribúa á normalización democrática deste órgano.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia







**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 18/11/2019 14:12:44**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/11/2019 14:15:25**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 18/11/2019 14:15:35**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/11/2019 14:15:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/11/2019 14:15:53**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ao informe elaborado por “expertos” sobre a Atención Primaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como resposta á situación de deterioro da Atención Primaria denunciada por multitude de colectivos, profesionais, sindicatos, organizacións veciñais, organizacións científicas, organizacións sociais, organizacións de enferm@s, organizacións políticas... e diante dunha convocatoria de folga, no mes de abril o Sergas accedeu a crear unha mesa de diálogo solicitada polos Sindicatos e o Comité de Folga, para facer unha avaliación e análise da situación da Atención Primaria e propostas para a súa mellora, e elaborar un novo modelo de Atención Primaria en Galiza, que fora capaz de resolver os gravísimos problemas denunciados.

Constituíronse 15 Comisións Técnicas, formadas por máis de 200 persoas dos diferentes colectivos que conforman a Atención Primaria. Levan polo tanto sete meses traballando na proposta de carteira de servizos de cada categoría na AP, no mapa de competencias, nas propostas para resolver os problemas do día a día..

Neste contexto o día 13 de novembro, a Consellaría de Sanidade presentou un documento titulado “Por unha atención primaria vertebradora del sistema de salud.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Documento estratégico y de gestión (noviembre 2019)”. Fíxose a presentación en castelán, como o enésimo agravio ao noso idioma feito pola Consellaría de Sanidade.

Este documento foi presentado por varios “expertos”, dunha “comisión” encargada pola Consellaría de Sanidade formada por 16 persoas, entre elas Rafael Bengoa e Jordi Varela, de consultorías privadas de fóra de Galiza. Segundo informou o xerente do Sergas, este informe non é vinculante.

Polo tanto temos que a Xunta de Galiza ten lanzado tres propostas distintas para dar resposta á grave situación da Atención Primaria: un Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, un documento de “expertos” e o Consello Técnico de AP.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Modificar os orzamentos da Xunta para o 2020, aumentando a cantidade contemplada para a Atención Primaria para dar cumprimento ás propostas dos grupos de traballo, cando menos en 200 millóns de euros no camiño de chegar ao 25% do orzamento.

2.- Modificar o Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha verdadeira estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Negociar un verdadeiro plano de Ordenación de RRHH que de resposta ás necesidades actuais e futuras de tódalas categorías de Atención Primaria.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.- Crear prazas novas nos Centros de Saúde en cantidade suficiente para que permita aumentar o tempo da atención a calidade asistencial.

5.- Incorporar á Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogo@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2019 17:47:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2019 17:47:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2019 17:47:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2019 17:47:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2019 17:48:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2019 17:48:09**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>, sobre o futuro de Vulcano

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que o estaleiro Vulcano pasa por dificultades sen que o Goberno galego fora quen de poñer solucións sobre a mesa. Todo o contrario. Finalmente, Vulcano presentou a solicitude de liquidación no Xulgado do Mercantil número 3 da cidade de Vigo. Un anuncio feito trala entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente.

A situación de debilidade e incerteza non é nova. De feito, o cadro de persoal leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, debido á escasísima carga de traballo, e houbo meses nos que permaneceron sen cobrar.

Deste xeito, o Goberno galego era perfectamente coñecedor da situación que se vivía na empresa. Tanto foi así que o director do Igape, Juan Cividanes, hai aproximadamente dez meses, animou aos representantes dos traballadores a non asinar o ERE senón encamiñarse a unha liquidación controlada da empresa que permitira que un novo inversor se fixera cargo da industria. Inversor que o propio goberno se comprometía a buscar. Porén, dez meses despois, precisamente en pleno proceso de liquidación, o goberno di que o inversor que prevía non está pasando por un bo momento, desaparece e abandona aos 69 traballadores que estaban actualmente na empresa á súa sorte.

Así o denunciou o comité de empresa, que lamenta que se deixe caer o estaleiro



sen facer nada.

Isto ata o momento no que aparece o anuncio de Vicalsa no que manifesta o seu interese por facerse cargo do estaleiro cun proxecto de construción e transformación naval. Un proxecto que pasaría pola prórroga da concesión dos terreos que remataría en 2027.

É fundamental que a Xunta tome partido e evite que desapareza unha peza fundamental do tecido industrial galego. As administracións deben tomar medidas para garantir que o uso futuro dos terreos continúen destinándose a actividade industrial naval e a xeración de postos de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Apoiar o proxecto de continuidade para Vulcano mediando co posible inversor para garantir a reincorporación dos traballadores.
2. Levar a cabo as actuacións necesarias para que non se muden os terreos de Vulcano e favorecer a prórroga da concesión co obxectivo de garantir a actividade industrial e os postos de traballo.
3. Constituír de forma urxente a mesa sectorial do naval cos estaleiros, industria auxiliar e sindicatos para abordar unha política conxunta para o sector.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 18:23:15**

**Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 18:23:25**





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>, sobre o desenvolvemento dun plan de patios inclusivos e coeducativos

### Exposición de motivos

Partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, é imprescindible reforzar o papel das mesmas e do profesorado a prol da igualdade. Neste senso, a escola debe converterse no principal axente a prol da igualdade, espazo no que se combatan os estereotipos e roles que fomentan a desigualdade de xénero, e no que se traballe no respecto e inclusión da diversidade.

Malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos de educación en igualdade, resultan insuficientes, esporádicos e moitas veces dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas.

Un dos aspectos de desigualdade sobre os que se ten reflexionado nos últimos tempos é o que afecta ao uso dos espazos. Neste senso, unha escola verdadeiramente inclusiva e igualitaria require que os espazos, servizos, procesos, materiais e produtos podan ser utilizados por todo o alumnado sen ningún tipo de discriminación e se incorporen as condicións que aseguren a accesibilidade física, cognitiva, sensorial e emocional.



Se falamos dos patios educativos e de recreo, lugar na que as nenas e nenos pasan, de media, unhas 525 horas ao ano, é evidente que o espazo central está ocupado, maioritariamente, polos campos de xogos de pelota, nos que se concentran, maioritariamente, os nenos, deixando ás nenas arrinconadas en lugares secundarios.

Para reequilibrar estes usos diferenciados, están xurdindo diversas iniciativas consistentes na redistribución de zonas nos patios, diferenciando contornas e democratizando o espazo. Deste xeito, en determinados proxectos resérvase unha zona para xogos de pelota, pero tamén outras para outros usos; habílanse zonas verdes e hortos educativos; píntanse no chan 'taboleiros' para xogos tradicionais como a mariola, o tres en raia, as carreiras de chapas, o fútbol con chapas, o twister... convertendo o patio nun lugar de lecer pero tamén de aprendizaxe, a través de xogos inclusivos e non excluíntes.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un plan de patios escolares inclusivos e coeducativos a prol da igualdade de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia, a inclusión e un uso dos espazos igualitarios.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Marcos Cal Ogando

Vicevoceira e deptadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 18/11/2019 19:32:48**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/11/2019 19:33:01**

**Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2019 19:33:14**

**Marcos Cal Ogando na data 18/11/2019 19:33:24**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Julia Rodríguez Barreira, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

### Exposición de motivos:

Desde hai anos, todas as actuacións en materia de estradas da Xunta de Galicia teñen como un dos seus obxectivos prioritarios o reforzo da seguridade viaria nas estradas da súa titularidade, nos máis de 5.500 quilómetros que compoñen a rede viaria autonómica.

A este obxectivo responden distintas medidas e plans que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos anos, incluídas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, como o Plan de vialidade invernal, o Plan de reforzos de firme ou o Plan de Sendas de Galicia.

Tamén a Xunta conta cun Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso que veu aplicando nos últimos anos, realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas da súa titularidade. Para darlle continuidade a esta iniciativa, hai uns meses, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicaba, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, a licitación dun novo contrato de servizo para garantir a aplicación deste programa de inspeccións en pontes e obras de paso na rede autonómica de estradas durante os próximos anos. Unha licitación coa que o Goberno galego atende a Resolución aprobada por este Parlamento no marco do Debate do Estado da Autonomía de 2018, na que se instaba a manter o programa de inspección de pontes e obras de paso nas estradas de titularidade da Xunta. Ademais, a Xunta ten avanzado a súa intención de ampliar este labor de inspección aos muros de contención e noiros das estradas autonómicas.

Paralelamente, o Goberno galego está centrando esforzos e destinando inxentes recursos á Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas: unha medida par actuar en todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede de estradas autonómicas no horizonte da actual



lexislatura. Un programa que tamén está na liña da Resolución aprobada no marco do Debate Anual de Política Xeral, neste caso, celebrado no ano 2017.

Así pois, parece lóxico solicitar tamén do Goberno do Estado, titular dunha ampla rede de estradas na nosa Comunidade, que adopte medidas e active programas similares aos que está aplicando a Xunta nas estradas da súa competencia: para eliminar os chamados puntos negros das estradas estatais e tamén programas de inspección de pontes e obras de paso e de noiros. Máis tendo en conta sucesos recentes como o acontecido na N-120, no treito entre Monforte e Ourense, no que se ten rexistrado un novo desprendemento de pedras de gran tamaño que obrigaron a desviar o tráfico. Unha circunstancia que non é illada, senón que se ten producido en máis dunha ocasión nos últimos anos.

Como é sabido, o Goberno galego ten establecido unha Axenda Galicia, de demandas prioritarias da Comunidade Autónoma ao Goberno de España, logo das eleccións celebradas 10 de novembro. Unha Axenda Galicia onde figuran os 25 asuntos máis urxentes e prioritarios que o Goberno estatal debe atender de maneira inmediata e nos que se inclúe, no apartado de infraestruturas pendentes en materia de estradas, o impulso dun programa para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes na rede estatal na nosa Comunidade.

Por todo o exposto, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a solicitar do Ministerio de Fomento a aprobación e impulso dun programa para a eliminación de todos os treitos de concentración de accidentes identificados na rede estatal de estradas en Galicia, así como a demandarlle a activación de programas de inspección de pontes, viadutos e obras de paso, e tamén de inspección sistemática de noiros, nas estradas da súa titularidade, de modo similar ao que fai a Xunta na rede viaria da súa competencia”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/11/2019 19:40:30**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 18/11/2019 19:40:39**

**Martín Fernández Prado na data 18/11/2019 19:40:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Jaime Castiñeira Broz na data 18/11/2019 19:41:16**

**Diego Calvo Pouso na data 18/11/2019 19:41:44**

**Jacobo Moreira Ferro na data 18/11/2019 19:42:04**

**Antonio Mouriño Villar na data 18/11/2019 19:42:12**

**Gonzalo Trenor López na data 18/11/2019 19:42:37**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/11/2019 19:42:46**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos:

O Goberno galego está a apostar polo transporte público e a intermodalidade e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido financiamento comunitario.

No Grupo Parlamentario Popular, ao igual que o Goberno da Xunta de Galicia, sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. Para iso é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas. Desde a Xunta estase a avanzar con determinación neste eido, nas obras das estacións de autobuses intermodais de Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra e avanzando tamén no deseño das intermodais da Coruña, Lugo e Ferrol.

As intermodais son, sen dúbida, proxectos estratéxicos para o futuro das nosas cidades cuxo desenvolvemento require dun esforzo colectivo entre as distintas administracións implicadas. Pero tamén é preciso implicación e colaboración das distintas administracións para avanzar, non só en mellores infraestruturas do transporte, senón tamén para ofrecerlle aos cidadáns mellores servizos que favorezan a súa mobilidade e potencien a utilización do transporte público colectivo.

Neste sentido, é coñecido o traballo que vén realizando o Goberno galego no eido das súas competencias, no transporte público por estrada interurbano, para ofrecer servizos máis modernos e máis adaptados ás necesidades reais dos galegos, como xa fixo e segue a facer a través do Plan de Transporte Público de Galicia.

Paralelamente, a Xunta ten avanzado xestións para propoñerlle a Renfe colaborar para estender aos servizos ferroviarios de media distancia en Galicia a posibilidade de uso



da tarxeta de Transporte Metropolitano de Galicia (TMG), como medio de pago vantaxoso. Unha medida que xa funciona na área de transporte de Ferrol, onde a tarxeta TMG da Xunta se pode usar para pagar o FEVE; polo que estendela abriría a posibilidade de que a Xunta puidese bonificar o transbordo do tren ao autobús, de acordo cos principios de funcionamento do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

Unha media que sería moi útil cando se empecen a poñer en servizo as estacións intermodais nas que, como se ten dito, desde o Goberno galego se está traballando intensamente, co desenvolvemento das estacións de autobuses intermodais xa nas diferentes cidades da Comunidade, fomentando así o uso do transporte público ao facilitar o intercambio entre o tren e o autobús.

O Goberno galego ten incluído este asunto na Axenda Galicia, nas demandas prioritarias da Comunidade Autónoma ao Goberno de España, logo das eleccións celebradas o 10 de novembro.

Unha Axenda Galicia onde figuran os 25 asuntos máis urxentes e prioritarios que o Goberno estatal debe atender, e nos que se inclúe, no apartado de infraestruturas pendentes en materia ferroviaria, a integración dos servizos de tren para que se poida usar a tarxeta TMG da Xunta, que supón bonificacións e descontos.

Por iso, e para apoiar esta demanda do Goberno galego tamén desde o Parlamento de Galicia, desde este grupo parlamentario traemos a debate esta proposición non de lei para o seu debate Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno do Estado para avanzar nunha colaboración entre ambas as institucións que permita a integración dos principais servizos ferroviarios da Comunidade no sistema de Transporte Metropolitano de Galicia, ao obxecto de poder ofrecerlles aos cidadáns as vantaxes que supón un sistema de pagamento único de transporte público, que bonifique os billetes e incentive o seu uso, especialmente entre a xente moza. Neste sentido, demandar do Goberno estatal que asuma as bonificacións para os usuarios desta tarxeta nos servizos ferroviarios, que son da súa responsabilidade, de xeito similar ao que fai a Xunta nos servizos de autobús interurbano da súa competencia”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 18/11/2019 20:07:30**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**Martín Fernández Prado na data 18/11/2019 20:07:52**

**Jaime Castiñeira Broz na data 18/11/2019 20:08:23**

**Diego Calvo Pouso na data 18/11/2019 20:09:04**

**Jacobo Moreira Ferro na data 18/11/2019 20:09:26**

**Antonio Mouriño Villar na data 18/11/2019 20:09:40**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 18/11/2019 20:10:20**

**Gonzalo Trenor López na data 18/11/2019 20:10:36**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 18/11/2019 20:10:49**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Sandra Vázquez Domínguez, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

A provincia de Lugo conta con máis dun milleiro de xacementos arqueolóxicos castrens, que dan mostra do rico patrimonio histórico e cultural que atesoura. 140 deles están na comarca dos Ancares entre os que destaca, pola súa singularidade, o castro de Santa María de Cervantes.

Trátase dunha preza crave para comprender a transición ao mundo romano, e posiblemente un dos bens patrimoniais de maior valor histórico da comarca. Situado na parroquia de Santa María, nun val de montaña, calcúlase que estivo habitado no ano 50 a. C e o século II, nun período de transición entre a época prerromana e romana.

Tendo en conta todas estas características, o día 10 de outubro deste ano, a Xunta de Galicia declara o Castro de Santa María de Cervantes Ben de Interese Cultural (BIC). Esta distinción inclúe ademais a inscrición no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia de varios dos seus elementos integrantes, como a igrexa, a casa reitoral, as minas romanas de Ribadón e Viña da Moura e a Cea do Río.

Convértese no terceiro castro catalogado como BIC na provincia de Lugo .

Nos anos 1995, 1996 e 1999 levaron a cabo no xacemento diferentes intervencións arqueolóxicas que sacaron á luz ata 26 vivendas de uso doméstico, separadas por pequenas rúas, canles de desaugadoiro, escaleiras e pequenas despensas de pedra.

Tamén apareceron na zona outros obxectos como muíños de man, moedas romanas, follas de coitelos, machadas ou restos cerámicos, entre outros elementos.

Esta zona arqueolóxica ocupa unha superficie de 56.615 metros cadrados, aínda que a área de protección será de 566.385 metros cadrados.



Estímase que aínda queda máis da metade do xacemento por descubrir, por todo elo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir avanzando no estudo e posta en valor do Castro de Santa María de Cervantes (Lugo) e da súa contorna obxecto de protección, tras a declaración como Ben de Interese Cultural”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/11/2019 09:59:35**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 19/11/2019 10:00:09**

**Maria Antón Vilasánchez na data 19/11/2019 10:00:28**

**Teresa Egerique Mosquera na data 19/11/2019 10:00:45**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 19/11/2019 10:01:03**

**Carlos Gómez Salgado na data 19/11/2019 10:01:32**

**María Isabel Novo Fariña na data 19/11/2019 10:01:48**

**Antonio Mouriño Villar na data 19/11/2019 10:02:03**

**Martín Fernández Prado na data 19/11/2019 10:02:20**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia anunciou, no ano 2017, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que, segundo se enuncia, ten como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia ás etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Desde o curso 2017/18 publicáronse anualmente as convocatorias pertinentes, que no caso deste curso, son as seguintes:

1. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil) para o curso 2019/20.
2. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2019-2020.
3. Resolución do 28 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2019-2020.
4. Resolución do 13 de maio de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2019-2020.

Todas as resolucións citadas teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.



Así, no caso do programa Plurininfantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.

O bacharelato de especialización curricular en idiomas (PluriBach) ten como finalidade promover no alumnado unha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa, así como un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro como no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Estamos a referirnos, evidentemente, só ao que ás ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pódese cualificar de moi modesta sendo benévolos ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Por outro lado, o informe do Ministerio de Educación e Formación Profesional *Datos y cifras Curso escolar 2019/2020* ao analizar a porcentaxe de alumnado que participa en experiencias de utilización de linguas estranxeiras como lingua de ensino (correspondente ao curso 2017-2018) establece dúas categorías:

1. *Aprendizaxe integrada de contidos e lingua estranxeira*, que se refire á oferta de programas que garanten a súa impartición, polo menos, en todos os cursos de cada unha das etapas da educación obrigatoria (Primaria e/ou ESO) e que tamén pode abarcar segundo ciclo de E. Infantil e/ou o ensino post-obrigatorio.
2. *Outras experiencias*, que se refire a aquelas experiencias que afondan no coñecemento dunha lingua estranxeira, que inclúen a súa utilización como lingua de ensino para unha ou máis áreas ou materias, diferentes da propia lingua estranxeira. Estas experiencias non adoitan estar orientadas á súa continuidade en cada un dos cursos das etapas obrigatorias, e mesmo, ás veces poden estar condicionadas á dispoñibilidade no centro de profesorado que poida participar nelas.

Pois ben, no primeiro grupo a Comunidade Autónoma de Galicia sitúase 11 puntos por debaixo da media do Estado na Educación Secundaria Obrigatoria e no segundo grupo, 13 puntos por enriba da media no caso da Educación Primaria e 8 puntos no caso da Educación Secundaria Obrigatoria, o que dá boa mostra da



modalidade pola que aposta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Paralelamente, escoitamos con frecuencia referencias á mellora das competencias lingüísticas do alumnado e algunhas cifras que cuantifican a dita mellora e que supoñemos sustentadas nalgún tipo de avaliación. Resulta obvio que algunha mellora se debe experimentar xa que, polo contrario, conduciría a unha situación absurda.

Aínda así, parece necesario coñecer os criterios empregados para avaliar esa mellora, o que resulta obvio nas políticas públicas: eficiencia, equidade e transparencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a poñer en funcionamento, de xeito inmediato, as avaliacións pertinentes que permitan coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que desenvolven a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 e que veñen funcionando nos últimos cursos, dando información pública sobre os resultados desas avaliacións.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2019 11:06:49**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2019 11:07:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2019 11:07:40**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

As obras de rehabilitación do CEIP de Cervo que comezaron a mediados de xullo deste ano a día de hoxe non están rematadas, a pesar de que a propia Xunta de Galicia se comprometeu a que aproveitaría as vacacións escolares para facelas e así non interferir no inicio e desenvolvemento do curso escolar.

Pero unha auténtica falla de planificación por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional impediu que as obras de rehabilitación do centro se rematasen a tempo e provocou que as familias de Cervo decidisen non enviar, durante varios días, os seus fillos ás aulas, por entender que o centro non se atopaba nas condicións idóneas para iniciar o curso, xa que as obras non estaban rematadas e existían estadas e operarios traballando nelas.

A día de hoxe estas obras seguen sen estar rematadas e os pais e nais do alumnado do CEIP de Cervo non coñecen tampouco a data na que finalizarán estas obras de rehabilitación.

A ANPA do CEIP de Cervo denuncia as deficiencias que se dan no centro, e que entre outras son:

- Algunhas das ventás, recentemente instaladas pero non rematadas, filtran a auga cando chove.
- Hai goteiras en vestiarios e aseos.
- Existen filtracións nas paredes.
- A nova caldeira de *pellets*, que substitúe a antiga de gasóleo, non funciona. Agora está funcionando a vella caldeira de gasóleo. Trátase dun parche, xa que despois de realizar un importante investimento a prol do aforro enerxético, que non se poda empregar a nova caldeira amosa unha nefasta planificación por parte do Goberno galego.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solucionar antes de que remate este trimestre as deficiencias que presenta o CEIP de Cervo.

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2019 11:24:29**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2019 11:24:41**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2019 11:24:53**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2019 11:25:09**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de xustiza moderna para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. A xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista que, lonxe de se reducir, repunta. E, a pesares de que Galicia rexistrou 6.537 denuncias por violencia de xénero en 2018 (foran 6.436 en 2017, que xa subira un 13,3 % sobre o ano 2016), só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a muller no noso país, en Vigo e en A Coruña.

Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, un 73 % dos asasinatos ocorren en poboacións inferiores a 100.000 habitantes, o que alerta de que a “ruralidade” é un factor de vulnerabilidade que se debe ter en conta nas políticas integrais. Xa que logo, considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso entendemos que, ademais da necesidade de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de A Coruña e de Vigo sería unha boa solución.

En resposta de 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que se ía a elaborar un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego (nada sabemos dos seus resultados), chegando incluso a asinar un convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural. Nada sabemos de como se chegou a el.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación á loita contra a violencia de xénero no rural, a:

1. Achegar os recursos dos xulgados específicos aos domicilios das vítimas, a través da comarcalización dos servizos do Imelga, as oficinas de atención ás vítimas e a Policía xudicial.
2. Facer públicos os resultados do estudo específico encargado polo Goberno galego sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego.
3. Facer público o convenio de colaboración coas federacións de mulleres rurais de Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
José Manuel Pérez Seco  
Óscar Vilar Chento  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/11/2019 16:23:48**

**María Luisa Pierres López na data 19/11/2019 16:23:59**

**Julio Torrado Quintela na data 19/11/2019 16:24:09**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/11/2019 16:24:21**

**Oscar Vilar Chento na data 19/11/2019 16:24:35**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 19/11/2019 16:24:52**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2019 16:25:00**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2019 16:25:10**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través da súa deputada e deputados, **Daive Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector gandeiro e da agricultura denunciou nos medios de comunicación e a través dos sindicatos unha praga identificada como rato-toupa (arvícola terrestres) na montaña lucense, un ratiño toupa presente desde os Pirineos ata Ancares, que en anos de bonanza sofre picos de produción que incrementa a súa poboación, e que causa estragos no campo. Esta praga afecta tanto aos pastos, como aos cultivos, unhas 3000 hectáreas, e tamén á maquinaria.

Estes danos cualificados como irreparables polos sindicatos, e que afectan aos concellos de Triacastela, Samos, Pedrafita, Nogais, Folgoso e Cervantes. Os ratos-toupa fan túneles que o que fan aparte de deteriorar os terreos e o pasto, tamén deixan impracticables os mesmos para a maquinaria, e incluso poden os sectores da gandería e da agricultura ter problemas á hora de xustificar as superficies de prado ante a PAC.

Dixo Medio Rural onte a través dun xornal de relevancia, que enviará persoal ao terreo para capturar algún exemplar, identificar o tipo de praga e a posterior adopción de medidas, porque segundo Balseiro inda non está identificada.

Comunicada esta situación a xefatura territorial de Lugo de Medio Ambiente, no mes de marzo, esta comprometeuse a ter unha reunión posterior co sector gandeiro e da agricultura, e cos sindicatos, e para tratar o tema, e estamos a mes de novembro e os sindicatos denuncian se reuniron con eles a día de hoxe, 19 de



novembro 2019, tendo durante este tempo a praga de rata unha expansión, por inacción da Xunta, bestial. A produción de forraxe caeu espectacularmente.

Os sindicatos advirten da dificultade que terán as explotacións de alta montaña para pasar o inverno, e dar de comer ao gando, se por parte da Xunta non se toman medidas, dos problemas sanitarios que se podan ocasionar tanto nos terreos e tamén na maquinaria, unha desfeita en toda regra para dous dos principais sectores no sector primario de Galicia.

Hai anos esta pandemia de ratas-toupa no campo da montaña lucense, no ano 2007, dera pé a construcións do arado-toupa, un enxeño da sanidade vexetal que, bastante efectivo resultara e que descansa no Centro de Formación e Experimentación Agraria Alta Montaña de Becerreá. Sería un bo modo de recuperar este tractor e facer un trampeo masivo xa de cara á primavera, na loita contra esta praga, que permita recuperar o máximo posible os prados e pastizais, así como os MVMC hortas e hortalizas.

O avance da praga é tal que os sectores afectados temen que as perdas sexan como as do ano pasado en Asturias, nas que se estableceron axudas de 700 euros/h<sup>a</sup> nos prados de sega e 380 €/ h<sup>a</sup> nos paros de pastoreo, axudas que tamén solicitan á Xunta, que non vaian con ningún tipo de condicionante, que impida que os sectores afectados poidan cobrar as mesmas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Declarar urxentemente a existencia da praga de ratas nos concellos de Triacastela, Samos, Pedrafita, Nogais, Folgoso e Cervantes, para que se tomen as medidas oportunas no control da mesma.
- 2.- Establecer unha liña de axudas para o agro con diferenciación de dúas categorías de axudas, unha para prados de sega cun valor arredor de 700€/h<sup>a</sup> e outra para prados de pastoreo e pastizais por valor aproximado de 380€/h<sup>a</sup>, sen ningún tipo de condicionantes salvo a acreditación dos danos por esta praga.



Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira.

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/11/2019 18:14:18**

**Paula Vázquez Verao na data 19/11/2019 18:14:29**

**Francisco Casal Vidal na data 19/11/2019 18:14:39**

**Luis Villares Naveira na data 19/11/2019 18:14:52**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que o goberno galego asegure o mantemento dun número suficiente de persoal de pediatría na comarca do Ribeiro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por especialistas de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é en Ribadavia por mor da falta de cobertura de baixas e pola proximidade á xubilación dun dos dous facultativos especializados.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Nos últimos datos de poboación do Instituto Galego de Estatística constan 1.201 nenos e nenas menores de 16 anos, polo que acorde ás recomendacións na materia é preciso que se manteñan, cando menos, os dous postos.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presentamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a manter o persoal de Pediatría da comarca do Ribeiro e deseñar as actuacións de atracción de persoal necesarias para garantir, se é preciso, a cobertura do persoal que se poida xubilar.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 18:31:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 18:32:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 18:32:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 18:39:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 18:39:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 18:39:38**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trénor López, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Marta Vispo-Rodríguez Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** o abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

### Exposición de Motivos:

A Variante Norte de Ourense, que forma parte da autovía A-56, a autovía entre Ourense e Lugo, é unha actuación viaria de vital importancia para Ourense por canto trata de resolver a complexidade do enlace da A-52 coas estradas N-540 e N-525; pero tamén porque favorecerá a posta en valor das marxes do río Miño, nunha cidade eminentemente termal.

No ano 2017, sendo presidente do Goberno Mariano Rajoy, téñense producido avances importantes en relación a este proxecto, ao aprobar e someter a información pública o "*Documento técnico de adecuación do Proxecto de Construción da Variante Norte de Ourense, entre Eirasvedras e Quintela*". En maio do pasado ano, o daquela ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, manifestou que o proxecto se finalizaría en xuño, e que a súa licitación sería prioritaria, comprometendo unha partida orzamentaria de 2,5 M€ nos orzamentos do Estado para 2018 cunha importante proxección de gasto plurianual. Porén, o tempo pasa, e a pesar de contar con dotación orzamentaria, non se perciben avances en relación a esta infraestrutura por parte do actual Goberno español dirixido por Pedro Sánchez.

O actual Goberno, en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentario Popular no Congreso, respondía o pasado mes de xullo, que a Variante Norte de Ourense era unha actuación prioritaria e que se procedería a licitala na medida en que o permita a dispoñibilidade orzamentaria.

O delegado do Goberno ten garantido que a licitación se produciría neste ano, pero vemos como isto aínda non se ten concretado.

A realidade é que o ano está a piques de rematar e non se percibe vontade política para impulsar esta importante infraestrutura por parte do Goberno dirixido polo señor Pedro Sánchez.



Como é sabido, o Goberno galego ten establecido unha Axenda Galicia, de demandas prioritarias da Comunidade Autónoma ao Goberno de España, logo das eleccións celebradas 10 de novembro. Unha Axenda Galicia onde figuran os 25 asuntos máis urxentes e prioritarios que o Goberno estatal debe atender de maneira inmediata e nos que se inclúe, no apartado de infraestruturas pendentes en materia de estradas, o impulso á execución da Variante de Ourense e do resto da autovía Ourense-Lugo.

Por todo o anterior, e para apoiar esta demanda do Goberno galego tamén desde o Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento, a fin de que proceda a licitar coa maior urxencia as obras da Variante Norte de Ourense, tramo Eirasvedras-Quintela, comprometida para antes do remate do ano 2019”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/11/2019 19:10:59**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 19/11/2019 19:11:16**

**Martín Fernández Prado na data 19/11/2019 19:11:26**

**Jaime Castiñeira Broz na data 19/11/2019 19:11:58**

**Jacobo Moreira Ferro na data 19/11/2019 19:12:17**

**Antonio Mouriño Villar na data 19/11/2019 19:12:27**

**Gonzalo Trenor López na data 19/11/2019 19:12:43**

**Marta Novoa Iglesias na data 19/11/2019 19:12:54**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Cristina Isabel Romero Fernández na data 19/11/2019 19:13:10**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/11/2019 19:13:24**

**Carlos Gómez Salgado na data 19/11/2019 19:13:47**

**Moisés Blanco Paradelo na data 19/11/2019 19:13:58**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 19/11/2019 19:14:22**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, relativa á modificación do proxecto viario en Corvillón, Cambados, para compatibilizar as medidas de seguridade vial coas demandas d@s veciñ@s.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en execución, na Parroquia de Corvillón concello de Cambados, un proxecto viario da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia incluído no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020. Implica actuacións na estrada autonómica PO-549 así como noutras estradas secundarias conectadas con esta, especialmente no vial de acceso ó Lugar da Veiga ,actualmente de dobre sentido e que este proxecto pretende transforma a sentido único.

@s veciñ@s do Lugar da Veiga (Corvillón) manifestaron que esta modificación do sentido de circulación causaría un grave trastorno @s residentes da rúa pois coa nova proposta viaria estarían obrigados a saír á estrada xeral PO-549 en dirección Vilanova, percorrer 1,5 Km até a rotonda máis próxima, situada xa no Concello de Vilanova, para volver ó punto de saída e seguir en dirección Cambados. Parécelles un longo percorrido que lles complica a circulación viaria na súa parroquia e consideran que existen outras opcións máis axeitadas.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

@s veciños afectados, arredor de 50, asinaron unha petición de modificación deste proxecto que foi enviada o 24 de setembro á delegación de Pontevedra da Consellaría de Medioambiente Territorio e Infraestruturas en Pontevedra. Xunto coas sinaturas aportaron unha proposta que consideran factíbel e que mantería a seguridade viaria na zona de A Veiga, consistente en manter o dobre sentido do citado vial, ampliando unicamente os espazos no entronque coa estrada autonómica PO 549, pois existe marxe de ampliación en ámbalas beiras. Así mesmo, permitir o acceso a este vial só aos vehículos que veñen desde Cambados e a saída de automóbiles só en dirección Vilanova.

Así mesmo, no outro extremo do vial da Veiga, no punto de entronque coa estrada provincial EP-9005, coa modificación proposta pola Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade, @s veciñ@s consideran que se incrementaría moitísimo o tráfico nun lugar perigoso pola escasa visibilidade de acceso á citada estrada provincial.

Ao xa relatado hai que engadir que se trata dunha zona agrícola, e que o actual proxecto xa non é só que prexudique @s veciñ@s, obrigándos a realizar un percorrido moito máis longo, senón que tamén se incrementarán os vehículos agrícolas tanto na estrada obxecto da reforma como noutras da zona de influencia.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Que atenda as peticións d@s veciñ@s do lugar da Veiga na parroquia de Corvillón, de xeito que no proxecto que está realizando a Consellaría de Infraestrutura e





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Mobilidade, incluído no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, na mencionada parroquia, se compatibilicen as súas demandas de manter o dobre sentido, coas medidas de seguridade.

2.- Que representantes da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia se reúnan c@s veciñ@s do Lugar de A Veiga –Corvillón- afectad@s polo proxecto citado, para buscar unha solución que satisfaga, o mellor posible, a ámbalas partes.

3.- Incluír no proxecto elementos de protección para os peóns (pasos de peóns, redutores de velocidade...) xa que existen varios establecementos comerciais e de servizos na citada estrada.”

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2019 19:50:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/11/2019 19:50:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/11/2019 19:50:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2019 19:50:35**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/11/2019 19:50:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/11/2019 19:50:52**





## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados **María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4ª Educación e Cultura.**

### Exposición de motivos:

O Camiño de Santiago conserva un rico e extenso patrimonio cultural que é necesario coidar e manter porque é unha das sinais de identidade deste importante itinerario universal.

Non só falamos de patrimonio a pé de Camiño ou na súa contorna inmediata, senon tamén doutros elementos patrimoniais das vilas e cidade polas que discorre.

Consciente da importancia deste patrimonio, o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 recolle unha serie de accións dentro da liña estratéxica de preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago.

Esta liña abre un abano amplo de actuacións referido tanto ao desenvolvemento normativo como a outras cuestións que teñen como obxectivo a mellora, recuperación e rehabilitación do patrimonio construído na ruta xacobeá, tanto público como privado, prestando especial atención aos bens inmobles con especial recoñecemento desde o punto de vista da súa protección.

Precisamente son os Bens de Interese Cultural os que centran esta proposición non de lei, xa que entendemos que deben recibir a atención prioritaria da acción das administracións públicas con competencias na conservación do patrimonio histórico-artístico, en cumprimento dos artigos 44, 46, 149.1.28 e 149.2 da Constitución, tal e como recolle a Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985, da normativa autonómica e da normativa de réxime local.

A Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 2016 recolle no seus artigos 2 e 3 a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia en consonancia co artigo 27.18 do Estatuto de autonomía que xa recolle que esta competencia é exclusiva, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Carta Magna.



Pero tamén a Lei 7/1985, das Bases do réxime local, atribúe competencias de protección e xestión do patrimonio histórico, así como de promoción da cultura e equipamentos culturais aos municipios.

Polo tanto, é evidente que tanto a nivel do Estado como a nivel de CCAA e mesmo de entidades locais a protección, conservación e salvagarda do patrimonio é unha competencia que ocupa un lugar central.

Por iso, parece axeitada a redacción do artigo 3.1 a) da nosa Lei do Patrimonio Cultural xa que establece a necesaria e imprescindible colaboración administrativa a todos os niveis no eido do patrimonio cultural.

Se hai algún ben patrimonial que recolla este espírito de colaboración interadministrativa é o Camiño de Santiago, o seu percorrido vertebra o territorio polo que discorre que, se nos cinguimos ás rutas do Camiño Francés e do Norte, distinguidas como Patrimonio da Humanidade, son 8 Comunidades Autónomas, pero realmente atopamos que o Camiño ten presenza en todo o territorio nacional.

No caso de Galicia, afecta a máis dun terzo dos Concellos, sendo especialmente intensa a súa pegada nos territorios do interior.

Polo tanto, ten todo o sentido que unha liña de traballo cara á celebración do próximo Ano Santo en 2021, despois dun longo período de 11 anos sexa o patrimonio. Este foi o motivo polo que a Xunta de Galicia elaborou un plan de posta en valor do patrimonio cultural e histórico-artístico dos Camiños de Santiago.

Un plan presentado ao Ministro de Cultura e Deporte en outubro de 2018 para solicitar o apoio do Goberno de España, sen que se teña recibido ningunha resposta ao respecto.

Por todo iso, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a seguinte proposición non de Lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitar o seu compromiso e achega financeira ao Plan de recuperación dos BIC's do Camiño de Santiago en Galicia, determinando as actuacións, os prazos e os importes.”



Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2019 09:59:13**

**Maria Antón Vilasánchez na data 20/11/2019 09:59:32**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/11/2019 09:59:43**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 20/11/2019 10:00:28**

**Carlos Gómez Salgado na data 20/11/2019 10:00:47**

**María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 10:00:59**

**Antonio Mouriño Villar na data 20/11/2019 10:01:08**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 10:01:23**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: BOPGDSPGPTg8EFTfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María del Carmen Rodríguez Dacosta, Noela Blanco Rodríguez, e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

O Servizo de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova (Ourense) da cobertura os concellos seguintes: Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedevea, Lobios, Cartelle e o propio Concello de Celanova.

Este servizo de radiodiagnóstico leva máis de tres meses avariado cos prexuízos que isto provoca os habitantes destes quince concellos, dende o custo económico e de tempo que supón o desprazamento, que en algún dos concellos chega ata 80 quilómetros, e o retraso no diagnóstico que a súa vez provoca a demora no tratamento a seguir polos e polas pacientes, co agravante de que a maioría dos pacientes son homes e mulleres de idade avanzada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a maior brevidade, proceda a instalar/repairar o Servizo de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

Asdo.: **María del Carmen Rodríguez Dacosta**  
**Julio Torrado Quintela**  
**Noela Blanco Rodríguez**  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2019 14:28:21**

**Julio Torrado Quintela na data 20/11/2019 14:28:30**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/11/2019 14:28:41**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2019 14:28:50**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas contra a pobreza menstrual.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns meses os xornais recollían a iniciativa do goberno de Escocia de achegar de xeito gratuíto ás estudantes compresas e tampóns. Unha iniciativa que respondía á detección da chamada pobreza menstrual: a imposibilidade de utilizar produtos axeitados e na cantidade necesaria para cubrir as súas regras mensuais.

Se unha quere buscar estes datos para o noso país a resposta é o silencio. A pobreza menstrual, tanto en Galicia como no Estado, ignórase, non hai estudos. Porén, tendo en conta que menstruar ten un custe medio duns 12 euros ao mes, o que supón 144 euros anuais, que chegarían a máis de 5000 euros na vida dunha muller. Cifras que nos poñen en alerta sobre as dificultades que moitas mozas poden ter para facer fronte a estes gastos. Pero hai máis, asociacións como Mensajeros de la Paz, encargados da xestión de moitos bancos de alimentos informan de que precisamente as compresas son un dos produtos máis demandados polas familias que demandan os seus servizos.

Unha copa menstrual, pola contra, ten un prezo de mercado entorno aos 15-30 euros, para unha durabilidade media de dez anos, é dicir que gastaremos entorno a 60-120 euros en toda a nosa vida. En resumo: hai unha diferenza substancial



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

de prezo, gastaríamos entorno a 50 veces menos.

Mais non só falamos dunha cuestión económica, falamos tamén de información e empoderamento. A día de hoxe, e coa ausencia de educación sexual nos centros educativos, resulta que hai empresas privadas que fan visitas aos institutos explicando as vantaxes dos seus produtos. Que as rapazas coñezan as múltiples opcións de produtos dos que poden dispoñer é unha cuestión fundamental para que podan tomar unha decisión informada e libre e non unicamente mediada polos intereses do gran capital.

E, por último, o uso de tampóns e compresas ten un perigo ecolóxico certo. Tendo en conta que falamos de produtos de usar e tirar estamos ante un negocio millonario pero pouco sustentable ecoloxicamente. Cada ano rexéitanse máis de 3 mil millóns de tampóns e compresas no estado.

Segundo a organización ecofeminista Women's Environmental Network, ata o 90% dunha compresa e o 6% dun tampón é plástico. O resto é pulpa de madeira, rayón ou algodón. A isto hai que sumarlle o plástico de aplicadores e envoltorios. Os aplicadores están feitos a base de polietileno e polipropileno, materiais que tamén se engaden á corda do tampón para que sexa máis resistente, os dous principais plásticos achados nos océanos. A maiores, os produtos sanitarios son o quinto residuo plástico máis común no lixo achado nas praias europeas, segundo datos da Comisión Europea, por encima das cuncas de café de plástico, os cubertos dun só uso ou as palliñas.

Tendo en conta que unha muller pode usar entorno a 8000 produtos menstruais ao longo da súa vida que poden supor máis de 300.000 quilos de residuos derivados.

Pola súa banda, a copa menstrual pode durar ata 10 anos e neste tempo calcúlase que xera o 0.4% dos refugallos plásticos producidos polas compresas dun só uso



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

ou o 6% polo uso de tampóns, segundo concluíu un recente estudo publicado en The Lancet. É dicir, é unha opción moito máis respectuosa co medio. O seu uso remataría con centos e centos de toneladas ao ano de residuos.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Promover charlas educativas nos centros de ensino sobre as diferentes opcións de produtos menstruais
- Dotar de xeito gratuíto a todas as nenas que cursen estudos na ESO dunha copa menstrual

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Vicevoceira e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 20/11/2019 14:32:45**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/11/2019 14:33:00**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 59134  
Data envío: 20/11/2019 16:22:01.557

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/11/2019 14:33:17**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O amianto é un axente químico canceríxeno que está presente en materiais tradicionalmente empregados na construción de edificios, tubarias, paredes, depósitos de auga, etc. Actualmente a súa comercialización e uso están prohibidos, aínda que o asunto abórdase principalmente dende unha óptica laboral en relación a súa normativa e seguridade ou como unha enfermidade profesional, que tras moitos anos de loita comprobouse como afectaba e cales eran as gravísimas consecuencias na saúde dos traballadores e traballadoras afectadas e das súas familias.

Con todo, a situación co amianto debe ser considerada e abordada como un problema de saúde pública, máis aínda si temos en conta a cantidade de edificios públicos como colexios ou edificios privados que conteñen amianto. Expertos na materia están a advertir do grave risco do axente non só en relación á rotura do mesmo si non a súa vida útil, que se calcula entorno aos 30 e 40 anos.

O amianto foi empregado en maior cantidade entre os anos 60 e 90, polo que é posible que tanto por antigüidade como por exposición a axentes climatolóxicos estea chegando xa ao fin da súa vida útil.

Ante as consecuencias para a saúde que pode causar esta exposición, tales como



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

cancro, asbestose ou outras doenzas respiratorias, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un mapa dinámico en colaboración coas administracións locais e particulares sobre a presenza do amianto nas edificacións e infraestruturas de Galicia.
- Planificar a localización e posterior retirada do amianto dos edificios públicos de Galicia en colaboración coas diferentes Administracións que se poidan ver afectadas.
- Estudar a posta en marcha dunha liña de axudas para a retirada do amianto das vivendas de propiedade privada.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda  
Manuel Lago Peñas  
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 20/11/2019 16:58:21**

**José Manuel Lago Peñas na data 20/11/2019 16:58:26**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Encarna Amigo Díaz, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, María Julia Rodríguez Barreira e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos:

O municipio de Cervantes esta situado na parte oriental da provincia de Lugo, conta con 21 parroquias, 93 pequenas aldeas, e a súa actividade principal está vinculada ás actividades agrícolas e gandeiras.

A creación, no ano 2006, da denominada Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses supuxo unha esperanza para o desenvolvemento económico deste municipio pero, pese a todo, na actualidade é o concello coa renda per capita mais baixa de Galicia.

Son múltiples os atractivos históricos e turísticos que atesoura este municipio, desde as diferentes pegadas arqueolóxicas de orixe prerromano (entre eles o castro de Santa María, declarado recentemente como Ben de Interese Cultural), ás pallozas típicas da comarca de Ancares, presentes en moitas aldeas do municipio.

Tamén inclúe unha ampla riqueza natural, propia dun concello emprazado na zona máis montañosa da provincia de Lugo. Nos seus límites atopamos os cumes máis altos desta: O Mustallar (1.975 m), Penalonga (1.890 m), Corno Maldito (1.858 m), Pena Loura (1.821 m) e Tres Bispos (1.793 m) entre outros.

Ademais conta con bosques frondosos cunha boa presenza de árbores autóctonas: carballo, carballo de montaña, aciñeira, tezo, acivro, bidueiro, castiñeiro, cerdeira, freixo, amieiro, salgueiros e chopos ... e así un longo etcétera.

A serra de Ancares esta percorrida por centos de camiños, que comunican rutas e sendas peonís e ciclistas, que suman novos atractivos a un concello que constitúe un espazo ideal para desenvolver todo tipo de actividades de multiaventura, relacionadas cos aspectos naturais, históricos e culturais.



Dáse a circunstancia ademais que este municipio conta cunha instalación educativa hoxe fora de uso, a antiga escola unitaria emprazada no lugar de Donís que, coas correspondentes obras de readaptación, podería converterse nun espazo referente para o desenvolvemento deste tipo de actividades vinculadas aos potenciais descritos con anterioridade.

O Grupo Popular considera que a reconversión desta antiga escola nun albergue ou instalación similar contribuiría á dinamización deste concello do interior, e permitirá dar resposta tamén a unha demanda, protagonizada de xeito especial pola xuventude, que reclama espazos de lecer, tempo libre e turismo alternativo en plena natureza.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acometer a reconversión da antiga escola unitaria de Donís, no municipio lucense de Cervantes, para convertela nun espazo de actividades especialmente dirixidas á xuventude e vinculadas á natureza, medio ambiente, patrimonio cultural, arqueolóxico e a actividades de lecer, tempo libre e turismo alternativo.”.

Santiago de Compostela 20 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2019 18:43:47**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 18:43:53**

**Paula Prado Del Río na data 20/11/2019 18:44:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/11/2019 18:44:53**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/11/2019 18:45:05**

**María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 18:45:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Beatriz Mato Otero na data 20/11/2019 18:45:33**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 20/11/2019 18:45:52**

**José Manuel Rey Varela na data 20/11/2019 18:46:05**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de negociar o réxime xurídico e retributivo das matronas de Atención Primaria.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1993 publicouse o Decreto do 29 de xullo de Ordenación da Atención primaria en Galiza, no que se regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria. Deste decreto quedaron excluídas as matronas, establecendo na disposición transitoria cuarta do mesmo que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

26 anos despois, por parte da Xunta non se ten acometido esta regulación, o que significa para este colectivo un sistema retributivo baseado nun mapa sanitario do ano 1989 que non recolle a poboación actual dos concellos, unha perda de máis de 100 euros mensuais, non se lle recoñecen conceptos que se lle pagan a outros colectivos: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento, non recoñece a carteira de servizo actual, non ter unha ratio de mulleres a atender. En suma unha disfuncionalidade entre os servizos prestados e as retribucións percibidas.

Ao relatado temos que engadir que as necesidades de material das consultas de matronas quedaron fóra dos plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

e polo tanto o que teñen é un material obsoleto que que dificulta a atención que teñen que prestar.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

1.- Iniciar de inmediato a negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo das Matronas de Atención Primaria.

2.- Dotar as consultas de matronas do material actualizado preciso para prestar unha atención digna.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 13:13:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 13:14:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 13:14:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 13:14:17**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 13:14:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 13:14:31**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Guadalupe Murillo Solís e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos

Hoxe mais de medio millón de galegos residen no exterior. Certo é que sete de cada dez naceron xa na diáspora, non son emigrantes, pero si galegos no exterior que na súa inmensa maioría seguen a manter coa terra de orixe dos seus pais e avós unha fonda vinculación persoal e emotiva.

Moitos destes galegos do exterior teñen a súa vista posta en Galicia ante a posibilidade de mellorar a súas condicións de vida e a das súas familias. Algúns proceden de países que están a pasar por unha situación de crise económica e social como é o caso de Venezuela, pero outros fano dende Suíza que se atopa en segundo lugar en número de retornados ou de Brasil, Estados Unidos ou Reino Unido que ocupan os seguintes postos. Esta realidade recóllese nos datos publicados polo INE para 2018 que reflicten un saldo migratorio positivo que duplica o do ano anterior e os mellores datos de retorno da última década.

A Constitución Española establece no seu artigo 42 que “O Estado velará especialmente pola salvagarda dos dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara o seu retorno”, o que esixe a necesaria implicación do Estado nas políticas de retorno. Pero este é tamén un principio reitor da política social e económica da nosa Comunidade, tal e como se reflicte no Estatuto de Autonomía de Galicia, pois expresamente recolle no seu artigo 4.3 “O dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”.

Por elo a Administración Galega non debe ser allea á formulación de políticas que favorezan o retorno de emigrantes galegos e os seus descendentes, un compromiso especialmente relevante nun momento de crise social e económica nalgúns dos países onde residen un número importante de galegos do exterior.

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



Neste entorno debemos ter en conta, por tanto, que é responsabilidade dos poderes públicos do Estado poñer todos os medios e remover os obstáculos que limiten o impiden que os españois poidan volver a súa terra e que a Comunidade Autónoma de Galicia non debe nin quere ser allea a participar, aínda que non teña a mesma obriga xurídica, pero si o asumiu como compromiso de país aprobando a Estratexia Retorna 2020 que pon a disposición dos galegos do exterior mais de 50 medidas, cunha financiación superior aos 235 millóns de euros dos distintos departamentos autonómicos, para facer posible o seu retorno, tanto para axudar a cumprir unha expectativa daqueles que por iniciativa propia optaron polo regreso, como para chamar a atención e animar a aqueloutros que non o tiñan decidido.

As diferentes medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia incluídas na Estratexia Retorna 2020, ademais de incentivar mediante achegas económicas nos ámbitos social, formativos, laborais ou do autoemprego, tamén van dirixidas a salvar aquelas limitacións de índole burocrática que non en poucas ocasións supoñen un obstáculo importante para o retorno.

Non obstante, as competencias de Galicia son limitadas e solo pode actuar sobre determinados aspectos, debendo ser o Goberno do Estado o que tería que tomar medidas executivas ou mesmo normativas, e de forma urxente, para eliminar outros obstáculos, como pode ser: a necesidade de permisos de residencia e traballo para familiares que acompañen ao retornado pero non teñan nacionalidade española (que se dilata moito no tempo ou nunca chega a conseguirse) e para familias sen nacionalidade pero de descendencia directa de españois, os interminables procedementos de homologacións de títulos académicos universitarios que limita o acceso ao emprego, o impedimento para trocar o permiso de conducir do país de orixe que limita tamén as posibilidades de emprego ou mesmo o custe elevado da expedición de documentos legalizados no seu país de orixe.

Por todo isto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado, para que, con carácter de urxencia, adopte as seguintes medidas respecto dos españois e as súas familias no proceso de retorno:

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63**  
**15701 Santiago de Compostela**  
**T. 981 551 510 F. 981 551 422**  
**gp-pp@parlamentodegalicia.es**  
**www.ppdegalicia.com**



- 1.- Flexibilice e simplifique a obtención de permisos de residencia e traballo para as parellas mixtas ou con fillos sen nacionalidade facilitando así a súa plena integración. Mesmo creando un procedemento especial de autorización de residencia de carácter temporal para familiares de españois sen nacionalidade, que lles permita establecerse e consolidar a posteriori un permiso definitivo.
- 2.- Flexibilice e axilice a homologación de títulos universitarios obtidos no exterior por cidadáns españois para simplificarlles o retorno, para a continuidade dos seus estudos e, sobre todo, para facilitarlles a súa incorporación ao mercado laboral.
- 3.- Flexibilice o troco do carné de conducir con todos os países onde residen os nosos cidadáns.
- 4.- Suprima as taxas de expedición de pasaporte ou doutra documentación requirida para o seu retorno, naqueles países que atravesen situacións de grave crise económica e social, que ocasiona que sexan moi difíciles ou imposibles de asumir”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 13:11:29**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 13:11:52**

**Beatriz Mato Otero na data 21/11/2019 13:12:15**

**Jacobo Moreira Ferro na data 21/11/2019 13:12:46**

**María Isabel Novo Fariña na data 21/11/2019 13:12:59**

**Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2019 13:13:10**

**Paula Prado Del Río na data 21/11/2019 13:13:25**

**José Manuel Rey Varela na data 21/11/2019 13:13:48**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 21/11/2019 13:14:08**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 21/11/2019 13:14:21**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 21/11/2019 13:14:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

En outubro de 2019 o Grupo Socialista rexistraba iniciativas nas que se instaba á Xunta de Galicia a desenvolver as actuacións necesarias para eliminar as deficiencias que se poñían de manifesto no informe recibido polo Concello de Burela en agosto de 2018 respecto do estado no que se atopaban as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela. Proposición que se levou á Comisión 4ª en novembro de 2018 e que o Grupo Parlamentario do Partido Popular rexeitou.

En maio de 2019 a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional anunciaba no Parlamento de Galicia as obras de remodelación integral do Colexio Virxe do Carme de Burela. Pero esa urxencia coa que se anunciaban estas obras non se correspondían co retraso na súa licitación e execución, e a pesar de que que o delegado territorial da Xunta en Lugo dixera que as obras se ían realizar durante as vacacións escolares, chegou o comezo do curso e as obras estaban sen rematar.

Ante a alarma da comunidade educativa pola inminente apertura do curso escolar e estando as obras das instalacións do Virxe do Carme sen rematar a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional dicía o día 10 de setembro de 2019 que o inicio das clases non se retrasaría en ningún centro educativo a pesar de que existían colexios nos que aínda continuaban as obras, como era o caso do Virxe do Carme de Burela. E entón neste momento, foi cando entraron as presas por rematar as obras, debido ao atraso que se deu nelas por unha absoluta falta de planificación por parte do Goberno galego.

Este mesmo martes, 12 de novembro de 2019 o delegado territorial da Xunta en Lugo e o presidente do PP de Burela facían unhas declaracións vendendo os investimentos da Xunta de Galicia en Burela e falaban de que a Xunta viña de rematar a obra de remodelación integral do Colexio Virxe do Carme de Burela, na que se investiran preto dun millón de euros.

O 15 de novembro de 2019 no Colexio Virxe do Carme de Burela segue a chover e ten filtracións que causaron importantes danos, a pesares da obra recentemente acometida, que parece non aguantar o primeiro temporal do curso.



Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a actuar de inmediato para solucionar, antes de que remate este trimestre, as deficiencias que presenta o CEIP Virxe do Carme de Burela, así como os danos ocasionados por estas novas filtracións.

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2019 13:41:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2019 13:41:23**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 19/11/2019 13:41:37**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/11/2019 13:41:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Luís Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

En Burela hai unha necesidade urxente dunha nova depuradora de augas residuais (EDAR). É un problema que arrastran os veciños e veciñas de Burela desde hai anos.

Xa en decembro do ano 2011 o por aquel entón alcalde, o señor Barcia, admitía problemas case a diario coa depuradora de augas residuais e quería unha nova para o concello.

En abril de 2015 Augas de Galicia detectaba incumprimentos na dita depuradora.

En agosto de 2018 a UE avisaba a España por fallos na depuración en varios concellos galegos, entre eles o de Burela.

As primeiras informacións apuntaban a que as novas instalacións da EDAR poderían estar en funcionamento no ano 2017, pero os traballos fóronse dilatando e a día de hoxe seguen pendentes, correndo o risco serio de que se non se rematan estas obras en prazo se perdan fondos europeos.

A directora de Augas de Galicia dixo na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos da Xunta para o 2020, que nese ano se finalizará a redacción do proxecto de saneamento, orzamentando para iso 250.001 €. Estamos a falar dunha obra que se prevé que rolde os 9.000.000 €.

Ante esta situación é preciso unha actuación urxente, xa que a perda dos fondos comunitarios comprometería seriamente a viabilidade da nova depuradora de augas residuais.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar a adxudicación da obra da EDAR de Burela antes de que remate o primeiro semestre de 2020, garantindo a aplicación dos fondos europeos e evitando a súa perda.





Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 20/11/2019 10:54:08**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/11/2019 10:54:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2019 10:54:32**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/11/2019 10:54:48**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu de bate na Comisión 4.<sup>a</sup>**, en relación ás bibliotecas públicas da cidade de Ourense.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estudantado da cidade de Ourense carece de espazos públicos de estudo de calidade. A biblioteca Rosalía de Castro atópase colapsada, dando servizo a toda unha cidade. Sendo visitada non só polo alumnado dos estudos que se imparten no Campus, senón que, debido á precariedade na que se atopa a biblioteca da rúa Concello, vese obrigada a acoller tamén nas súas instalacións ao estudantado de Educación Secundaria e persoas que están preparando oposicións.

Un servizo de espazos de estudos público que conta con numerosas eivas. Destacando os seus límites horarios. Deste xeito, calquera estudante da cidade que queira traballar ou estudar durante a fin de semana verase obrigado a facelo nun espazo privado. Situación que complica a garantía de acceso a determinados recursos (libros, conexión a internet, servizo de fotocopias...) para poder levar a cabo a tarefa de aprendizaxe nunhas condicións dignas. Dándose agravios tan preocupantes como o do estudantado de informática do Campus de Ourense, que debe facer determinados exercicios que só se poden realizar mediante a conexión á rede da universidade e que ven reducido o prazo de realización dos mesmos a cinco días da semana por carecer deste servizo os sábados e domingos.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Mais a problemática dos horarios non remata aí. Este novo curso non poden darse situacións tan lamentables como as que aconteceron no pasado ano académico cando a biblioteca Rosalía de Castro permaneceu pechada algúns días durante as vacacións de nadal, en pleno período de exames.

En decembro concluirá o traslado da biblioteca da rúa Concello ás novas instalacións en San Francisco, erguéndose, deste xeito, unha oportunidade para poder superar os problemas actuais que ten a actual biblioteca municipal. Decembro preséntase, así, como unha porta aberta para mudar o estado das bibliotecas públicas.

Non é de recibo que a cultura teña que loitar pola súa supervivencia como está acontecendo. A Xunta e o concello deben elixir que modelo de cidade queren para Ourense.

Do mesmo xeito, a Universidade de Vigo, cando remate este ano, en decembro, e se achegue o período de vacacións, debería optar por dar solucións aos problemas que aconteceron no pasado curso. Nas súas mans está o camiño cara a construción dun Campus que leve por bandeira gozar dun bo servizo de espazos de estudos todos os días do ano.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- 1.) Dar solución aos problemas dos estudantes da cidade de Ourense e abrir, ou mediar para que se abran, as bibliotecas públicas a fin de semana.
- 2.) Ampliar os horarios durante o período de exames adaptándoos á realidade dos estudos que se imparten.
- 3.) Aumentar os horarios en período vacacional.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- 4) Garantir a oferta de todos os servizos.
- 5) Mellorar os recursos tecnolóxicos de impresión e control do aforo.
- 6) Aumentar o persoal.
- 7) Elaborar un convenio coa Universidade de Vigo (Campus Ourense) coa fin de solucionar a carencia de espazos de estudo.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 14:16:27**

**Luca Chao Pérez na data 21/11/2019 14:16:38**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Hai meses que persoas gandeiras e agricultoras da provincia de Lugo deron a voz de alarma alertando da proliferación de roedores nas zonas de Triacastela, Pedrafita, Samos, Cervantes, Folgoso do Caurel, As Nogais e Samos.

Unha praga de roedores que xa está a ocasionar serios problemas ás ganderías localizadas en distintas comarcas da montaña lucense.

Falamos dunha especie de rata-toupa con unha bioloxía explosiva, con ciclos repetitivos de alta intensidade reprodutiva, e que ten unha especial adaptación aos hábitat de pradería.

Roedores que provocan serios danos nas plantacións ao remover a terra, nos prados, e que tamén, indirectamente, fan unha chamada ao xabaril, cando estes se achegan a comelos tras seguir o seu rastro. Provocando que os danos iniciais se multipliquen.

Estamos ante un problema medioambiental que está a ocasionar perdas no campo, perdas económicas polos danos que produce, e, incluso, pode causar un problema sanitario posto que os roedores son unha fonte de transmisión de enfermidades.

Un asunto preocupante para os gandeiros e agricultores da zona, por todas as circunstancias xa expostas, e que poden seguir agravándose xa que cada día hai máis hectáreas afectadas por esta praga. Algunhas fontes xa falan de máis de 2.500. Todo isto ocasiona que segundo vai avanzando a praga, os gandeiros e agricultores dispoñen de menos superficie idónea para pradería. E, o efecto de dispoñer de menos hectáreas para a pradería pode ocasionarlles outras consecuencias como é a posible redución das axudas da PAC.

As persoas do campo tamén declaran que o problema non é novo, que se trata dun problema de hai anos, provocando que a Xunta xa tivera que actuar nalgunha outra ocasión. Pero que, pola contra, non realizou ningún plan de seguimento e tampouco se realizou ningún plan de prevención.



A comezos da primavera deste ano o problema agravouse e os gandeiros e agricultores trasladaron a problemática á Administración autonómica a través dun encontro co servizo da Xefatura Territorial de Lugo (Consellería de Medio Ambiente).

No dito encontro, a Administración reconece o problema, e informa aos afectados que se teñen que tomar medidas de xeito inmediato para tratar de frear a praga de roedores.

A Xunta, malia ter recoñecido o problema no mes de abril, non ofrece ningunha resposta ata novembro cando este asunto salta á prensa.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha un plan de investigación científica a través dun convenio, no prazo dun mes, coa universidade e/ou centros de investigación, que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas, para controlar e erradicar a praga de roedores localizada na montaña lucense.

2º) Establecer, antes de que remate este ano, convocatorias de axudas económicas para paliar os danos producidos pola praga de roedores localizada na montaña lucense.

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Oscar Vilar Chento na data 21/11/2019 16:36:54**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/11/2019 16:37:07**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2019 16:37:27**





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/11/2019 16:44:02  
**Nº Rexistro: 59222**  
Data envío: 21/11/2019 16:44:02.216

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2019 16:37:39**

CSV: BOPGDSPGPTg8EFTfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Xan Xosé Jove González e da súa deputada Paula Quinteiro Araujo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

Os colectivos profesionais do mar galego veñen demandando, de forma reiterada, a necesidade de actuar perante os problemas provocados pola proliferación de algas no medio mariño. Esta proliferación, que se produce en lugares diversos e por parte de organismos distintos, ten un denominador común, a dificultade para a realización do traballo dos profesionais do mar e a posible merma de recursos.

Fundamentalmente existe dous problemas derivados da proliferación de algas, por un lado o incremento destas nos fondos mariños e por outro en superficie e nas zonas intermareais. En ambos casos os profesionais do mar amosan preocupación pola repercusión que este incremento de presenza de algas supón para os recursos marisqueiros e mariñeiros. Pero nomeadamente no caso das algas acumuladas nos fondos mariños supón, ademais, un problema para as embarcacións, os aparellos e o incremento de carga de traballo nas labores de recollida.

Para o colectivo de mariscadoras a presenza en enormes cantidades de algas nos parques marisqueiros dificulta o crecemento e proliferación do recurso, polo que se ven obrigados a incrementar as xornadas de traballo dedicadas a eliminar o





“esterco” co problema engadido da dificultade de xestión dos residuos.

Polo tanto, compre actuar de forma global para coñecer con exactitude o que está acontecendo, as causas e as posibles orixes do problema e tamén para articular mecanismo para actuar sobre este e a xestión dos residuos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro.- implementar os mecanismos necesarios para profundizar no estudo das causas da proliferación das algas no noso medio mariño e, polo tanto, elaborar mecanismos para solucionar os problemas derivados desta situación.

Segundo.- Establecer, en colaboración cos colectivos de mariscadoras, plans de retirada e xestión das algas das explotacións marisqueiras, de tal forma que se contemple o financiamento de ambas labores por parte da Administración.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 21/11/2019 16:57:31**

**Paula Quinteiro Araújo na data 21/11/2019 16:57:40**

**José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2019 16:57:48**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a conexión entre a AG53 e a N 525 en Dozón.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado 4 de setembro publicou o anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

O proxecto sometido a información pública presenta numerosas carencias e ten un impacto negativo na mobilidade e na seguranza viaria da zona

1º En lugar de proxectar unha conexión dobre, en sentido Ourense e en sentido Santiago, só se propón unha conexión en sentido Ourense.

2º A conexión prevista entre a N525 e a AG 53 faise aproveitando o trazado dunha pista (antigo trazado na N525) e dun paso a nivel inferior no lugar de Mizoite que dá servizo a propiedades veciñais e que é usado principalmente por vehículos agrícolas e de transporte. Como consecuencia, a veciñanza quedaría sen acceso ás súas propiedades.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3º A obra proxectada non contribúe a resolver os problemas de seguranza viaria que existen no treito da N 525 á altura de Mizoite e que dificultan o acceso ás vivendas e ás propiedades.

4º A actuación proxectada debería prever unha rotonda na N525 á altura do PK 275, para mellorar a seguridade viaria, facilitar o acceso á autovía e garantir unha mellor conectividade coas vivendas e as propiedades situadas a ambos lados na estrada.

Tendo en conta todas estas afeccións, a veciñanza da zona presentou alegacións ao proxecto solicitando a modificación do mesmo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Reformular o proxecto de acceso en sentido Ourense entre a N 525 e a autovía AG 53 en Dozón, incluíndo as seguintes actuacións

- Manter o vial de conexión e o paso a nivel entre o lugar de Mizoite e as propiedades veciñais, que se vería afectado polo proxecto que se someteu a información pública, debido á incompatibilidade entre o tráfico de acceso á autovía.

- Construír un dobre enlace de conexión cara a Ourense que realmente dea unha verdadeira solución ó problema. Medidas de seguranza viaria e de mellora dos accesos ao núcleo de Mizoite e ás propiedades veciñais, prevendo a construción dunha rotonda no entronque da N525 co novo vial de acceso á autovía.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. No caso de non considerarse viábel a anterior alternativa, redactar un novo proxecto para a construción do dobre enlace completo con saída e entrada cara Ourense entre a AG53 e a N525 en Dozón, situado noutro punto da N525, concretamente na recta á altura do dobre enlace existente cara Santiago xa construído no seu momento. (Neste punto é onde comeza a AG53 que conecta coa AP53.)”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:01:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:01:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:01:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:01:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:01:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:01:47**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O Presidente da Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparenta e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

En relación á mellora dos servizos públicos, é necesario o cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación das comunidades autónomas e do Goberno central sexa equitativa. De feito, se o Goberno



de España aportase o mesmo que Galicia, non existiría lista de agarda en dependencia.

Na actualidade, a Xunta de Galicia inviste tres veces máis que o Goberno central en prestacións de dependencia, achegando o 76% fronte ao 24% estatal.

Nesta mesma área, tamén corresponde o incremento da achega estatal para compensar os gastos de transporte. No caso concreto de Galicia, o Goberno central debe tomar en consideración á hora de asignar fondos, as características do territorio galego, tanto no relativo á súa orografía como no relativo á dispersión da poboación, elementos que encarecen o servizo de transporte para persoas maiores ou con discapacidade.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado:

1. Cumprir co cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa.
2. Incrementar a achega estatal para compensar os gastos de transporte ás persoas en situación de dependencia e tomar en consideración á hora de asignar fondos, as características do territorio galego, tanto no relativo á súa orografía como no relativo á dispersión da poboación, elementos que encarecen o servizo de transporte para persoas maiores ou con discapacidade”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 17:03:59**

**Marta Rodriguez Arias na data 21/11/2019 17:04:12**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/11/2019 17:04:29**

**María Soraya Salorio Porral na data 21/11/2019 17:04:39**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 21/11/2019 17:04:49**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/11/2019 17:04:58**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 17:05:11**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2019 17:05:23**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2019 17:05:38**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2019 17:05:52**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O Presidente da Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparenta e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

En relación á mellora dos servizos públicos, a Axenda inclúe unha serie de ingresos procedentes do Goberno de España para a prestación de servizos sociais que se considera prioritario recibir nos próximos meses.

A recuperación das axudas para a atención e a acollida de Menores Estranxeiros Non Acompañados (Menas). Estes fondos, regulados no Real Decreto 1340/2018, do 29 de outubro, deberían contribuír en maior medida a que Galicia atenda a afluencia destes



menores, que experimentou un incremento exponencial nos últimos anos. Non en van, en 2016 Galicia rexistraba 57 menores estranxeiros non acompañados e agora un total de 193. Pola contra, se o pasado ano Galicia dispuxo de 423.000 euros para esta materia, no presente exercicio recibiu cero euros.

Por outra banda, a conxelación das contías que o Goberno central destina ao Plan Concertado e ao Plan de desenvolvemento xitano son insuficientes para poder atender a demanda actual de servizos sociais e as necesidades da poboación máis vulnerable, polo que cómpre proceder ao seu incremento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado o reforzo dos seus programas para a inclusión social dos colectivos máis vulnerables, en particular:

1. Recuperando as axudas para a atención e a acollida de menores estranxeiros non acompañados en Galicia.
2. Incrementando as contías destinadas ao Plan Concertado e ao Plan de desenvolvemento xitano para poder atender a demanda actual de servizos sociais”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 17:07:39**

**Marta Rodriguez Arias na data 21/11/2019 17:07:50**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/11/2019 17:08:04**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 21/11/2019 17:08:18**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2019 17:08:27**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/11/2019 17:08:40**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2019 17:08:47**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 17:09:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2019 17:09:15**

**María Soraya Salorio Porral na data 21/11/2019 17:09:30**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Xan Xosé Jove González e da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

O pasado venres día 1 de novembro, #DefendeAGalega denunciou que a CRTVG estaba a sufrir un “apagón informativo” que tiña por obxecto silenciar a campaña electoral. A corporación pública deulle a razón tacitamente ao programar o único debate dos comicios ás 10 da mañá dentro do espazo *Bos días*.

O debate electoral das xerais durou só 60 minutos –a metade do que durou o debate dos candidatos á presidencia emitido pola TVE– e foi emitido pola TVG e pola Radio Galega o 8 de novembro. Ese mesmo debate volveuse a emitir en horario de máxima audiencia, pero na TVG 2. O espazo da primeira canle pública galega nesa franxa horaria ocupouno *O Luar*.

A TVG 2 foi tamén a canle escollida para a emisión dos actos de inicio de campaña, que ocuparon apenas 10 minutos da medianoite do 31 de outubro.

Con motivo da pésima cobertura desta campaña electoral, o Comité de empresa da CRTVG emitiu un comunicado no que manifesta a súa preocupación pola “decisión da dirección da Corporación de emitir o debate electoral entre os candidatos e candidatas dos partidos galegos ás eleccións xerais do 10N en



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

horario matinal”. Por esta razón, “urxe á dirección a cambiar o seu criterio e ofrecelo en horario de máxima audiencia”, xa que considera que “a sociedade galega ten dereito a informarse directamente das propostas que realicen os partidos máis significativos a través dos medios de comunicación de titularidade pública”.

A representación dos traballadores e traballadoras atribúe a programación do debate á vontade “de agochar a confrontación de ideas políticas nun horario inaxeitado para a maioría dos galegos e das galegas”.

O Comité pecha o comunicado lamentando que a dirección decidira reemitir o debate na segunda canle da televisión pública –canle que nin sequera está dispoñible en tódalas plataformas televisivas–, limitando, desá maneira, o seu alcance.

Non é a primeira vez que acontece algo semellante. O 16 de abril xa se celebrara o debate electoral dos comicios xerais no programa *Bos días*. Daquela, o señor Sánchez Izquierdo argumentara que a programación do debate pola mañá pretendía “que os galegos e galegas foran os primeiros en coñecer a opinión dos seus representantes”.

As torpes escusas do señor Sánchez Izquierdo carecen de sentido, dado que a meirande parte da cidadanía non pode sentarse fronte ao televisor ou prestar atención á radio ás 10 da mañá. Cómpre, polo tanto, que a CRTVG se comprometa a emitir os vindeiros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á dirección da CRTVG para demandarlle o compromiso de emitir os vindeiros debates electorais en directo, en horario de máxima audiencia e pola primeira canle da televisión pública.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 21/11/2019 17:30:32**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/11/2019 17:30:41**

**José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2019 17:30:52**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Jackeline E. Fernández Macías**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

O presidente a Xunta deu a coñecer o pasado 21 de outubro a Axenda cos 25 asuntos máis urxentes e prioritarios de Galicia que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura, con independencia de como se configuren as Cortes Xerais.

Con esta Axenda Galicia o Executivo galego clarifica, transparenta e publica as necesidades prioritarias da Comunidade para o próximo Goberno central.

Os 25 asuntos da Axenda Galicia enmárcanse en cinco eixos: lograr un financiamento máis xusto; cumprir os compromisos adquiridos en canto ás infraestruturas pendentes; defender sectores estratéxicos para a nosa economía, especialmente de tipo industrial; traballar conxuntamente para cumprir cos servizos públicos; e os compromisos do Goberno central para os Anos Santos de 2021, 2027 e 2032.

Dentro do obxectivo de mellora dos servizos públicos, é necesaria a colaboración económica do Goberno central para que a gratuidade das escolas infantís cheque ao 100% das familias galegas.

Na actualidade, a Xunta de Galicia, sen ningún cofinanciamento estatal, introducirá o ano que vén a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos en todas as escolas infantís de Galicia.





Para poder estender a gratuidade a todas as familias galegas e ao 100% das prazas e das nenas e nenos, é necesario o compromiso do Goberno central.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado a Colaboración económica para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 21/11/2019 17:41:34**

**Marta Rodriguez Arias na data 21/11/2019 17:41:48**

**Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2019 17:42:04**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2019 17:42:21**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 21/11/2019 17:42:39**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 21/11/2019 17:42:49**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/11/2019 17:42:55**

**María Soraya Salorio Porral na data 21/11/2019 17:43:28**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2019 17:43:38**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2019 17:43:50**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Exposición de motivos.

A provincia de Ourense é das que máis está a notar a escaseza de recursos no Servizo Galego de Saúde a causa dos recortes e o deterioro progresivo da sanidade pública en Galicia.

Hospitais comarcais como Verín ou O Barco están sufrindo a eliminación de moitas especialidades, pero incluso o propio hospital de Ourense nota tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais de traballadoras e traballadores a falta de recursos tanto a nivel de persoal como material.

Unha das especialidades que demanda unha actuación urxente é a de medicina interna onde profesionais están a denunciar a diminución de persoal e medios. Coa excusa do verán, levouse a cabo o peche de cinco camas e paralelamente a redución de persoal, unha situación que segue sen modificarse xa que segundo a propia Xerencia do centro, sobra persoal para esta especialidade.

Ademais da escaseza de medios, están tendo lugar unha absoluta precariedade na contratación, marcada pola alta rotación e temporalidade, cuestión que xa está a ser unha liña xeral de actuación en canto a política de persoal no Sergas.

O persoal do hospital demanda unha actuación urxente por parte da Xerencia, na dotación de máis recursos tanto a nivel material como de persoal, que permitan ter plans estables de continxencia e alertan, dun posible sobreaforo coa tempada



da gripe.

A planta de medicina interna atende principalmente a pacientes de avanzada idade, pluripatolóxicos, polimedicados e moitos deles dependentes, nunhas condicións moi inferiores as ratios recomendadas, xa que nas quendas de tarde e noite contan con 3 profesionais de enfermería e 3 auxiliares para 41 pacientes na tarde e 2 de enfermería e 2 auxiliares para os 41 pacientes na noite, cando as ratios recomendadas son de 6 a 8 por equipo de enfermería e auxiliares.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a escoitar as demandas da Xunta de Persoal do CHUO e dotar a unidade de medicina interna dos medios humanos e materiais necesarios, cumprindo as ratios estipuladas, de xeito que se poida prestar unha asistencia sanitaria de calidade así como levar a cabo plans de continxencia estables.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Eva Solla Fernández na data 21/11/2019 17:49:11**

**José Manuel Lago Peñas na data 21/11/2019 17:49:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2019 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza desenvolveu unha inspección nos xulgados de Viveiro onde constatou, de maneira oficial, que están a asumir unha carga de traballo do 215% da súa capacidade sobre os módulos establecidos polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Esta situación foi denunciada polas traballadoras e traballadores, entre outros espazos, na Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero toda vez que o Xulgado de primeira instancia e instrución número 2, ostenta as competencias en materia de violencia machista.

Este xulgado leva agardando desde febreiro de 2018 pola incorporación dunha nova persoa de reforzo após a creación dunha praza do corpo de tramitación procesual, tal e como foi anunciado pola Xunta de Galiza.

Porén, a sobrecarga de traballo afecta por igual a ambos os dous xulgados o que urxe non só a ocupación inmediata da praza anunciada para o número 2, senón un maior





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

reforzo en ambas as dúas dependencias xudiciais e, mesmo, a creación dun terceiro xulgado que atenda as necesidades da comarca da Mariña.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reforzar os xulgados de Viveiro con máis persoal así como a trasladar á Comisión Mixta a situación na que se atopan para valorar a posibilidade de solicitar un novo xulgado para A Mariña.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:04:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:04:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:05:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:05:11**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:05:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:05:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa a situación de colapso no servizo de urxencias do HUAC.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión de Centro de Atención Especializada da EOXI da Coruña, ven de denunciar que aínda non empezou o “pico da gripe” e xa se está producindo o colapso do servizo de urxencias do HUAC.

Denuncian que non é un caso illado, senón un feito habitual, derivado da falta de previsión por parte da Xerencia.

Manifestan que é normal dentro desa “normalidade” dispor aos doentes en corredores dentro do servizo, o que é intolerábel dende o punto de vista do dereito á intimidade e á dignidade dos doentes.

De igual xeito consideran deplorábeis as condicións nas que traballan os/as profesionais , que non permite dar unha atención axeitada.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

Presentar no Parlamento de Galiza, á maior brevidade un informe coas medidas de planificación e reforzos postos en marcha polo Sergas para atender o aumento d@s doentes aos servizos de urxencias.

Elaboración dun protocolo de actuación, para os brotes ou picos asistenciais como o da gripe, en interlocución c@s profesionais, tanto dos servizos de urxencias como do resto dos servizos dos hospitais directamente implicados como de Atención Primaria, e representantes sindicais, onde se contemple como mínimo a previsión de reforzos, recursos, priorización na atención, na hospitalización etc.

Que se tomen todas as medidas precisas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos de que dispoñen.

Que de xeito inmediato se abran as plantas e as camas pechadas, e as bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

Dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 18:25:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 18:25:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 18:25:59**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 18:26:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 18:26:14**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 18:26:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre acto de recoñecemento e homenaxe a galegos e galegas represaliados polo franquismo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de febreiro de 2018 o Parlamento galego rendeu homenaxe aos galegos vítimas do nazismo. Desde o BNG compartimos a necesidade de organizar este tipo de actos, mais observamos con preocupación a facilidade con que se condena ao nazismo e se homenaxea ás súas vítimas mentres que non se utiliza o mesmo criterio coas vítimas do fascismo español.

A realidade é que en toda a historia do parlamento galego nunca se organizou un acto público de recoñecemento e honra aos galegos e galegas que foron perseguidos, asasinados, aldraxados, encarcerados, depurados, excluídos, torturados e asasinados por razóns políticas durante a Ditadura franquista.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda como resolución:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Organizar un acto público de recoñecemento e homenaxe a todas as vítimas galegas do fascismo franquista, considerando todas as formas de represión e atendendo expresamente á violencia sufrida polas mulleres.

2. Convidar a participar e a intervir neste acto a representantes das asociacións de memoria histórica e das familias das vítimas.

3. Facer entrega ás vítimas, ou como alternativa ás súas familias que o soliciten, dunha declaración do parlamento na que se exprese a condena da ditadura franquista e dos seus crimes, así como o recoñecemento e homenaxe ás vítimas do fascismo entre 1936 e 1977.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:11:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:11:40**


**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:11:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:11:56**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:12:03**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:12:10**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGPTg8EFTfn2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

